

**anda!na**

**70**

revista galega de pensamento feminista  
2019 prezo: 10 euros



- 3 Editorial**
- 5 Denuncias e comentarios**
- 16 Orgullo 2019**
- 17 Monterroso, protagonista do Agrocuir 2019**  
Colectivo Agrocuir da Ulloa
- 18 A imposición da heterossexualidade**  
Sara Doval Martínez
- 19 Falar de memoria**  
Idoia Hormaza
- 21 Fertilizar a horta feminista cos machistas mortos?**  
Nanina Santos
- 23 Aproximación a un pasado presente:  
Violencia de xénero na Transición**  
Enya Antelo
- 28 Contra o feminismo punitivo: Ferramentas  
para gardar a casa do amo**  
Laura Macaya Andrés
- 32 Feminismo punitivista**  
Sheila Fernández Míguez
- 39 O suxeito político do feminismo**  
Paloma Uría
- 42 Aureanas do Sil, emprendedoras buscadoras de ouro**  
Patricia Arias Chachero
- [LIBROS] **48 Femicidio..., de Carmen Adán**  
Dina Berger
- [LIBROS] **50 ám@me, de Chis Oliveira e Amada Traba**  
Ana Luísa Bouza
- [LIBROS] **51 Mother Camp..., de Esther Newton**  
Patricia Arias Chachero
- [LIBROS] **52 La mujer singular y la ciudad, de Vivian Gornick**  
Ana Arellano
- [FILMES] **54 Memorias caladas, de Sara Malvido Gil,  
Andrea Outeiral Santiso, Aida Raindo Vázquez,  
Yoo Jin Sin e Blanca Troca Silveira**  
**Pequena historia da loita polo dereito ao aborto:  
Un valioso documental, Memorias caladas**  
N. S.
- [FILMES] **56 Elisa e Marcela segundo Isabel Coixet:  
Unha lectura feminista**  
Marilar Aleixandre
- 58 Bases do IV Festival de Cine Feito  
por Mulleres – MUFEST 2020**

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández

María Araújo Pires

Ana Arellano

Patricia Arias Chachero

Ana Luísa Bouza Santiago

Sara Doval

Zélia García

Luz García Vigo

Laura Gómez Lorenzo

M.<sup>a</sup> Teresa Gómez Louzao

Natividad Paramá Ferreiro

Pilar Pérez Rey

Saleta de Salvador

Nanina Santos

Iria Vázquez

Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Nanina Santos Castroviejo

Sara Doval Martínez

Idoia Hormaza

Enya Antelo

Laura Macaya Andrés

Sheila Fernández Míguez

Paloma Uría

Patricia Arias Chachero

Dina Berger

Ana Luísa Bouza

Ana Arellano

N. S.

Marilar Aleixandre

Foto de cuberta: J. Cabana

Deseño gráfico: uqui.net

Imprime: Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88



# EDITORIAL

A finais do 2009 lanzabamos a primeira edición do MUFEST, Festival de Cine Feito por Mulleres contribuíndo a facer visibles obras fílmicas de calquera xénero feitas por mulleres, sempre relegadas, sempre tapadas, así fosen directoras, guionistas, produtoras, realizadoras ou responsables de calquera outro labor no logro da obra.

Inauguraba a sesión Margarita Ledo presentando as súas obras *Cien-fuegos, 1913* (2008), *Para Lister* (2007) e *Illa* (2009). Logo, a película documental de Almudena Carracedo *Made in LA* (2007), que recibiu un Emmy en 2008.

Desde entón outras dúas edicións do MUFEST (2011 e 2012) contribuíron a facer medrar a conciencia da invisibilidade de tantas mulleres creadoras neste ámbito, a facer ver a cineastas do momento e a pular por elas ao traveso dun pequeno estímulo como este festival.

Por razóns fáciles de entender (recursos humanos e económicos), o MUFEST, promovido por Andaina de Mulleres, Asociación Cultural, editora da revista de pensamento feminista de igual nome, quedou durmindo despois de 2012.

Retomamos agora a IV edición sabendo que a presenza das mulleres creadoras neste e noutros ámbitos ten dado un salto importante. Sen embargo, falta camiño, e moito, por percorrer e a intención nosa é seguir tirando deste carro coas nosas exiguas forzas, porén... é así como se abren os camiños que logo transitan centos ou mesmo milleiros de persoas. Terá lugar no mes de marzo do 2020, oito anos despois.



Os días 19 e 20 de setembro estaba prevista a celebración dunhas xornadas sobre Traballo sexual na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña. Nelas a maioría das participantes eran traballadoras sexuais. Por fin, de *obxecto de estudo* a suxeito de voz e de dereitos de xeito notable e rigoroso.

Non era a primeira vez. Nas Xornadas Feministas «Xuntas e a por todas» celebradas en Madrid en 1993, na Facultade de Medicina da Universidade Complutense, unha das palestras titulábase «¡Soy puta y qué?», e en 1995 convidadas, xa como membros de Hetaira, por alumnado da Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía da Complutense, foron convidadas a falar dos seus traballos e vidas.

Agora, vinte e catro anos despois, estas xornadas non puideron celebrarse na universidade. Algunhas per-

soas con poder e influencias moveron ficha para impedir que se celebrasen premendo ao reitor, que cedeu ás presións e denegou o permiso unha semana antes da súa celebración. Todo, en nome do feminismo e do politicamente correcto.

Grazas á oferta de A Comuna, un centro alternativo da cidade, fixéronse e alí se puido escoitar a traballadoras sexuais falar dos seus traballos, das condicións nas que os realizan, dos avances nas súas organizacións e conciencia e da súa participación de pleno dereito nos feminismos ou no amplo movemento feminista.

Foi terrible a decisión do reitor de ceder ás presións recibidas (aínda que viñesen estas das instancias máis altas) abrindo a porta a un camiño de recorte de liberdades e dereitos. Quen decide quen, cando e de que se poderá falar na universidade? En nome de que?

En nome do feminismo véñense sucedendo actos de presións, censuras e recortes de liberdades moi preocupantes. Montar bulla en redes pola publicación de artigos feministas cos que non se concorda: publicación en 2018 do manifesto *Mujeres liberan otra voz* asinado por 100 francesas criticando aspectos do #MeToo; en 2019 contra CTXT, a raíz da publicación dun artigo de Loola Pérez; e moitas outras... Supresión de participación en concertos de rapeiros e intérpretes de *trap* (SFDK, Tangana) en festivais de música ou festas. Supresión dunhas xornadas sobre Traballo Sexual na Universidade da Coruña. En suma, abrir portas, camiños e autoestradas á censura, ao recorte das liberdades.



## Tomamos o control? Mulleres detrás dos videoxogos

A Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña celebrou a xornada «Tomamos o control? Mulleres detrás dos videoxogos», financiada polo Instituto da Muller, en abril de 2019.

Na xornada participaron Mirella Díez, deseñadora de Son en Remedy Games, e Estrela Páramos, coordinadora do equipo de media en Ledisson AIT e o Conversatorio entre María Fernández, Environment Artist en Gato Salvaje Studio, e Luz Castro, Imaxin Software e profesora da Facultade de Ciencias da Comunicación.

Ao tempo, na facultade, podíase visitar unha exposición sobre mulleres salientables da industria dos videoxogos.

En xuño retomaron a iniciativa en Ferrol, cunha mostra que reuniu a quince das mulleres máis relevantes do mundo *gaming*, como Carol Shaw, Roberta Williams, Brenda Laurel, Doris Self, Dona Bailey, Amy Briggs, Lucy Bradshaw, Brie Code, Rihanna Prathett, Rieko Kodama, Siobhan Reddy, Amy Henning, Kim Swift, Aya Kyogoku e Yoko Shiomura.

As cousas van cambiando coa incorporación das mulleres como xogadoras, deseñadoras e, de cando en vez, visibilizando a súa presenza neste mundo. É o que querían as promotoras deste proxecto, onde só o 17 % das persoas que traballan no sector son mulleres. Segue a ter interese o documental de Marina Amores, *Mujeres + videojuegos* (2015), con deseño gráfico de Sonia González, editado por ENTI e a Universidade de Barcelona. Encóntrase na rede sen dificultade. Velaí o enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=bGOvepwEsEI> ■

Non falamos xa de ignorar voces que defenden posicións feministas discordantes, senón de suprimir, denegar permisos ou censurar abertamente, sexa con argumentos como as letras destes rapeiros «feren a miña sensibilidade» (nótese a semellanza cos argumentos dos Avogados Cristiáns que presentan demandas diante das fiscalías polo *coño insu-miso*, polo cartaz dun entroido ou... porque fere os sentimentos relixiosos), sexa por ideas como que a prostitución é a maior violencia sobre as mulleres, como que non cabe no feminismo a defensa de sexualidades que «non son feministas» (como se houbera unha sexualidade feminista!), como que as mulleres con pene NON son mulleres... ou co recurso da «falsa conciencia» que se traduce na alienación doutras mulleres.

Eríxense en representantes de TODAS as mulleres, de TODO o feminismo, querendo acurrallar a este a unha única voz, nun pensamento único, o seu.

Ahhh as liberdades! Eran isto polo que loitabamos? Pola liberdade de decidir da miña vida e do meu corpo? De facer da miña capa un saio?

Agora tamén hai comisións de xénero en festivais ou festas para decidir que se pode cantar ou repre-

sentar, así como servizos de asesoramento a guionistas ou outras expresións creativas para recomendarlles isto ou aquilo, logo de revisar os aspectos de clase, xénero e LGBTQI para NON MOLESTAR e representar dentro da corrección política.

Se dos produtos culturais falamos, que problema hai en que molesten? Non se trata de crearnos incomodidades? Non era esa a función da grande arte e non que repousemos comodamente nos brazos da cadeira?

Salvadoras, rescatadoras, redentoras seguen medrando como fungos polo feminismo adiante. Hai que pararlles os pés. Se é con estes traballos que medran en poder e influencia, mal asunto. O feminismo non debería ser unha esqueira para empolicarse por riba doutras mulleres e dicirlles que teñen que facer e como deben facelo.

As mulleres NON SOMOS PARVAS e queremos decidir das nosas vidas. Nós. Enganándonos ou acertando. Aí, a nosa liberdade e non imos aceptar que as censoras digan que actúan en nome da comunidade feminista. Se acaso, dalgún sector do mesmo que ten logrado poder e influencia ao que lles axudan encantados os grandes medios de comunicación. ■



# denuncias e comentarios

«Cando fagades que un home e unha muller sexan unha soa unidade, de tal xeito que o home non só sexa home e a muller non só sexa muller, [...] entón, seguramente, entraredes no reino» (Logion 22). *Evanxeo de Tomé*, atopado no val de Nag Hammadi. Pertence ao conxunto coñecido co nome de «Manuscritos do Mar Morto». Foron escritos pola comunidade xudía dos esenios, que viviu nas beiras do Mar Morto entre os anos 130 a. d. n. e. e 70 d. d. n. e., en copto, en hebreo e en arameo. Foron descubertos nun lugar coñecido actualmente como Qumran. ■



Resulta que uns taxistas poñen saias tan ricamente para protestar contra a normativa do concello e traballar máis frescos. A normativa municipal do vestuario dos taxistas en Vigo converteuse nunha lea de saias. Non poden vestir pantalóns curtos.

Aqueles que consideraron que a calor era abafante para levar pantalón ao longo de todo o día, sentados ao volante, acordaron vestir saias.

Tanto mudou a sociedade que suceden este tipo de cousas sen que sexa Entroido nin outras festas. Benvidas sexan! ■

«Los caballeros genuinamente españoles que te sujetan la puerta al pasar y han mamado que tienen que proteger y cuidar a la mujer» (Rocío de Meer, Vox). Aquí si boto de menos un #MeToo dos pretéritos tempos e non tanto de condes, duques, príncipes, ministros, gobernadores, deputados, artistas, novelistas, empresarios, señores feudais con dereito de pernada e sen ela. Ah!... Os xenuínos cabaleiros, onde andaban?

Lembremos, por exemplo, o título dun libro de Nóvoa Santos de 1908: *La indigencia espiritual del sexo femenino: Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica*. Como non lles abrir a porta, protexelas e coidalas, miñas pobres! ■

## Concepción Pérez Iglesias (Santiago, 1881 - Lantaño, Pontevedra, 1939)

A gran Mary Beard dinos que hai tantos motivos para a indignación como para a celebración. Tan fundamente intrincados están na cultura occidental os mecanismos que silencian ás mulleres, que se negan a tomalas en serio e que as illan (ás veces literalmente...) dos centros do poder.

Concepción Pérez Iglesias (Santiago, 1881 - Lantaño, Pontevedra, 1939), chegou ser alcaldesa de Portas o 9 de xaneiro de 1925, cargo que exerceu ata o 23 de xaneiro de 1930. Chegara a Portas como mestra da escola nacional de nenas en 1907. Non foi a primeira muller alcaldesa. Un ano antes, en 1924, designada polo Gobernador Civil de Alicante, fora



Concepción Pérez rodeada das súas alumnas

nomeada Matilde Pérez Molla, de Quatretondeta (Alicante). Exerceu ata 1930.

A primeira muller alcaldesa elixida por elección popular sería María Domínguez Remón, en Gallur (Zaragoza), en xullo de 1932. ■





## Sobre as orixes de Rosalía de Castro

A Xunta de Galicia fixo unha edición facsimilar do interesante estudo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (Vigo, 1961-2018), *Sobre as orixes de Rosalía de Castro: A inclusa de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro*. É ben interesante, entre outras cousas, a información sobre a cantidade de expósitos que ían parar ao Hospital dos Reis Católicos, a enorme mortalidade dos mesmos e a vida das amas de leite que se contrataban.

«Tan felices disposicións non chegaron a cumprirse e as amas de leite internas non desapareceron da Inclusa, antes ben, aumentou o seu número: en 1821 contabilizamos oito, que pasan a doce no ano seguinte e a once en 1823. O demais do regulamento, se algunha vez se aplicou, non acabou desde logo coa altísima mortalidade dos expósitos nos primeiros días de vida. Non nos corresponde a nós elaborar estatísticas de mortalidade da Inclusa, mais, para facérmolos unha idea das cifras que se manexan, ofreceremos os datos relativos, non o ano de ingreso de Josefa Laureana, que non existen ou non puídemos achar, senón os do ano seguinte. Segundo o censo do propio Hospital, en 1822 ingresaron 607 nenos; saíron a poder de nutrices 74; morreron na Inclusa 493 nenos; quedaron nela, a fin de decembro, 40 nenos. Se avanzamos agora ata 1837, ano en que nace Rosalía, comprobamos que as cousas non melloraran precisamente: foron bautizados 432; morreron na Inclusa 342 expósitos» (pp. 333-334).

Deixando agora a Rosalía, que interesantes reflexións suxiren estes datos. Canto de *realización* a través da maternidade, sen falar dos infanticidios, canto dos *servizos sociais* existentes. Datos estes relativos, non o esquecemos, só á cidade de Compostela.

A edición e a presentación desta edición facsimilar, en Vigo e Santiago, formou parte da homenaxe á investigadora, hai un ano falecida, sempre discreta pese a ser unha das grandes especialistas en Rosalía. ■

## Españolas ignoradas pola historia e que nunca é tarde para descubrir

O Museo ABC rescata, nunha exposición, a obra de ilustradoras practicamente descoñecidas; mulleres que marcaron un antes e un despois no debuxo do noso país. «Dibujantas» recompila máis de 130 obras dunhas 40 ilustradoras nunha exposición aberta ata o 22 de setembro. Antes de se converter en sede da Sección Feminina da Falange, o Lyceum Club Femenino foi refuxio e lugar de encontro das intelectuais e artistas máis combativas e capacitadas do Madrid dos anos vinte. Despois, Serrano Súñer apropiouse do edificio e púxo ao servizo das actividades femininas que máis lle convíñan ao fascismo. Antes, en 1931, celebrouse o «I Salón de Dibujantas», unha exposición pioneira, unha das pouquísimas actividades do seu tempo comprometidas coa visibilización das mulleres artistas españolas.

Esta exposición do Museo ABC fai un percorrido histórico que pretende «rescatar do esquecemento a pioneiras e debuxantes de categoría que quedaron arrombadas e esquecidas».

María Ángeles López Roberts, Madame Gironella.


«Unha ilustradora extraordinaria da que se sabe pouquísimo», segundo a comisaria Marta González Orbeagozo.

«Nin sequera o seu nome real», engade Josefina Alix, co-comisaria da mostra. Publicaba ilustracións en *Blanco y Negro*, *Arte y Letras*, *La Época* ou *La Ilustración Española y Americana*, desde 1899. A partir do ano 1902, pérdese completamente o seu rastro.

Victorina Durán (1899-1993), ademais de ilustradora, foi escenógrafa e figurinista de teatro, onde traballou con Margarita Xirgú e Cipriano Rivas Cherif, entre moitos outros nomes distinguidos. Co estoupido da guerra civil, marchou ao exilio, refuxiándose en Arxentina. Coñecida entre as súas amigas como Víctor ou Vito, foi unha muller cun sentido da liberdade persoal que poucas persoas do seu tempo levaron tan lonxe. Pertencía ao Club Sáfico, que entre 1926-1936 agrupouse defendendo un modelo de muller masculinizado, alleo ás convencións sociais, era autónoma e homosexual. Sobre ela pode consultarse *Mi vida: Así es*, tres volumes editados pola Residencia de Estudiantes, no ano 1918.

Manuela Ballester (1908-1994), encádrase na vangarda valenciana. Pintora, debuxante, ilustradora, cartelista, fotomontadora e escritora; feminista, progresista e de fortes conviccións republicanas. «Pero tamén foi a muller de Josep Renau, e aínda que tiña un talento extraordinario, a súa obra quedou eclipsada pola figura do seu marido». Josep Renau foi unha das personalidades máis importantes das artes visuais na España do século pasado. Manuela Ballester, a súa muller e responsable dalgunhs carteis que, erroneamente, se atribuíron ao artista

# denuncias e comentarios



Portada, a.t.c., xuño de 1936, aguada e grafito sobre cartolina

valenciano, non gozou da mesma relevancia histórica. En 1939, Manuela, a súa nai, dúas irmás e os seus dous fillos atravesaron os Pireneos e terminaron no campo de refuxiados de Argelès-sur-Mer. Conseguiron reunirse con Renau en París, e, en maio de 1939, exiliáronse en México. Alí traballou no taller de David Alfaro Siqueiros facendo murais, carteis para publicidade, para cine, propaganda política.

Pode destacarse o seu cartel dedicado ao voto feminino nas eleccións á Fronte Popular de 1936, así como ilustracións en revistas dos exiliados españois como *España Peregrina*, *Las Españas*, *Mujeres Españolas* ou *Boletín de Información de los Intelectuales Españoles*.

Ángeles Torner Cervera firmaba as súas obras como a.t.c. Así, en minúscula, aínda que a súa aportación ás artes visuais españolas foi por todo o grande. Pioneira no campo da ilustración gráfica e o debuxo de moda, tamén fixo libros infantís e historietas que ela mesma escribía. «A súa obra ten unha variedade de estilos absolutamente increíble» di Marta González.

Piti Bartolozzi, filla do grande debuxante e ilustrador Salvador Bartolozzi, dedicou a meirande parte da súa carreira á ilustración infantil en literatura, aínda que tamén fixo, como moitas outras compañeiras de xeración, escenografía en teatro.

No Madrid sitiado de 1936, traballou en tarefas de propaganda en *El Altavoz del Frente*, ao servizo da causa republicana. Foi evacuada a Valencia en 1937. Entre os numerosos traballos e debuxos en torno á guerra, destaca a súa serie de seis gravados titulada *Pesadillas infantiles*, que se expuxo no Pavillón Español da Exposición Internacional de París de 1937. Hoxe forma parte da colección do Museo Reina Sofía.

Laura Albéniz, filla do compositor Isaac Albéniz, educada no ambiente cultural burgués de clase alta. Formouse en Londres, París, Niza e Barcelona. Foi autodidacta na aprendizaxe do debuxo e a pintura, e as súas obras pronto empezaron a cotizar entre a elite cultural parisiense. A guerra civil supuxo para ela o encarceramento do seu marido en Barcelona e a morte do seu fillo. A súa saúde foise degradando. Faleceu dun cancro de pulmón con 54 anos.

A copista no Museo del Prado María Gallástegui publicou a súa primeira ilustración en 1925. Foi portada da revista *Blanco y Negro*, onde empezou a publicar asiduamente, ademais de facerse un oco na ilustración dos anos vinte. «Outra muller esmagada pola guerra e un matrimonio conflictivo», indica Josefina Alix.

Marga Gil Roësset, coñecida porque se suicidou aos vinte e catro anos, namorada de Juan Ramón Jiménez. Dedicábase, sobre todo, aos libros infantís.

María Rosa Bendala Lucot foi unha figurinista de éxito en todos os teatros de variedades de Madrid. Tamén directora de vestuario de cine, chegando a traballar con realizadores como Edgar Neville ou Ladislao Vajda. Foi unha das primeiras mulleres en entrar como vocal na unión de debuxantes españois. ■



PALOMINO, Zinthia e SEFCIK, Nina: *Mujeres negras en la ciencia* (2019).


Bonito libro que xunta biografías ilustradas de doce mulleres e as súas contribucións en diferentes ámbitos da ciencia e a tecnoloxía. Mulleres pioneiras que tiveron que superar atrancos duros e que, inda así, pese aos seus méritos, seguen a ser descoñecidas. ■

# denuncias e comentarios

## 47 denuncias penais sen condena

Desde que en 1915 se tipificou no Código Penal Militar a agresión e o acoso sexual nas Forzas Armadas (ata ese momento estas *cuestioncillas* estaban subsumidas en xenéricos como abuso de autoridade), presentáronse 47 denuncias penais, pero ningunha concluíu aínda en condena. Vinte e dúas están en trámite aínda (algunhas desde hai tres anos, nada menos) e vinte e tres foron arquivadas ou sobresidas. Os dous únicos acusados nos que recaeu sentenza foron absoltos.

Esta foi a resposta que o Goberno deu ao deputado de HB Bildu, Jon Iñarritu, na que recoñece que «é a partires de 2016 cando se dispón de datos estatísticos sobre denuncias especificamente relacionadas con delitos contra a liberdade sexual». ■



Podedes quedarvos con esa cara. Gobernador militar de Madrid en 1939. Firmou e ordenou o fusilamento das 13 Rosas. O seu nome, Eugenio Espinosa de los Monteros. A saga segue e *de casta venlle ao galgo*, di o refrán, ou *de tal pau, tal racha*. ■

A leonesa Andrea Fernández, a deputada do PSOE máis nova, está contenta logo de abrir o debate sobre a necesidade de regular o acceso dos menores á pornografía a pesar das críticas. Haberá que ver como se trata a cousa.

Limitarán tamén o acceso a xogos e xoguetes que, desde a máis tenra infancia, socializan a nenas con cocíñiñas, bebés e maquillaxe e aos raparigos con balóns, mecanos e pistolas? É só cousa relacionada co sexo? Haberá que estar moi atentas. ■



## Javier Maroto

2015: «Os inmigrantes empadróanse para vivir dos servizos sociais da cidade».

2019: Javier Maroto, ao non ser elixido en Araba, empadroase en Segovia para ser senador e cobrar 6000 €/mes. ■



Jason Stanley, doutor en filosofía e profesor na Universidade de Yale, disecciona os trazos do fascismo que aflora nas sociedades actuais no seu libro *How Fascism Works*, traducido por Blackie Books como *Facha: Cómo funciona el fascismo y cómo ha entrado en tu vida*. ■



# denuncias e comentarios



De esquerda a dereita, Georgina Marcelino, Fabiana Castro, Zenib Laari e Artemisa Semedo

En xullo, Sara Rosati publicaba<sup>1</sup> en *El País* sobre estas catro mulleres feministas que non senten que o movemento as represente ao 100 %. Son mulleres e padecen discriminación polo feito de selo, pero tamén por ser migrantes, non ser brancas ou non ser heterosexuais. O debate non é novo. Nos anos oitenta, a activista Angela Davis publicou o libro *Mujeres, raza y clase* que criticaba como o movemento feminista deixaba sistematicamente fóra ás mulleres afroamericanas e de clase baixa. A interseccionalidade é un xeito de abordar este problema. O termo, acuñado pola profesora da Universidade de Columbia (EE. UU.) Kimberlé Williams Crenshaw, contempla que unha muller pode estar oprimida por distintos elementos. Exemplificáboo cunha imaxe moi concreta. Para ela, o racismo, o sexismo, o clasismo ou a homofobia son eixes que atravesan a nosa cultura. «Pensade nas rúas que van de norte a sur e de leste a oeste e que o tráfico é a discriminación que as atravesa. Algunhas persoas viven nesas interseccións». O problema agrávase cando os movementos sociais que apelan a esas persoas só teñen conta dunha desas interseccións e obvian as demais.

Un momento chave no que o feminismo se fraccionou, para a artista e membro de Afrogalegas Artemisa Semedo, cando a comezos dos anos vinte as sufragistas lograron o dereito ao voto para a muller nos EE. UU., as afroamericanas quedaron fóra. «Ese voto só o lograron as mulleres brancas e de clase media. Cando as feministas negras aínda estaban loitando polo recoñecemento dos seus dereitos básicos», afirma Semedo. E tiveron que agardar corenta e cinco anos máis para que se eliminara a limitación do dereito a voto das persoas negras. Para retratar ese comezo do afrofeminismo, a publicista Georgina Marcelino, emprega a célebre frase da activista negra Sojourner Truth: «Acaso non son eu unha muller?». Tanto Georgina como Semedo cren que esa división segue presente no feminismo. A Artemisa gustaríalle explicar que non se enfrenta aos mesmos problemas unha muller española de clase media que unha muller inmigrante, negra, de clase baixa, que non é heterosexual. E a Georgina, que hai unhas semanas moderou

unha mesa de debate no Festival Antirracista que trataba este tema, teríalle gustado entender por que, mentres algunhas mulleres ían á marcha do 8 de marzo, moitas das que limpaban ás súas casas e coidaban aos seus fillos non puideron facer paro.

Para Loola Pérez, sexóloga e feminista, a crítica das mulleres pertencentes ás minorías é lícita. «As feministas que están no poder, están moi cómodas nos seus cadeiróns e, ás veces, non lles interesa ter en conta a outras mulleres».

Zenib Laari, filla de marroquís, sinala que o feminismo hexemónico non dá cabida ás mulleres árabes e/ou musulmás. «Non nos escoitan e dinnos como ten que ser o noso feminismo». Un punto de controversia entre ambos feminismos é o uso do *hiyab* ou veo islámico. Algunhas feministas, como a arxelina Wassyla Tamzali, cren que levar veo e ser feminista é incompatible. E para Zenib, existe máis dun motivo para portar o veo. «Moitas veces, en Europa, as mulleres musulmás úsano como un símbolo de identidade polo que sufrimos discriminación pero que di qué somos e qué queremos ser». Aínda que Zenib non o usa normalmente, foi con veo á marcha do 8M, para demandar un feminismo interseccional.

Outro dos motivos que a levou a reflexionar sobre o afastamento entre o feminismo e a comunidade árabe, foi o caso da denuncia de abuso sexual e explotación laboral das temporeiras marroquís nos campos de amorodo de Huelva. «Non se lle deu a importancia que debía porque eran mulleres analfabetas, inmigrantes e pobres».

Fabiana Castro, unha inmigrante mexicana e transexual, di que o seu activismo céntrase en buscar aliadas. En moitas ocasións foi excluída por non ser considerada muller ou por ser latina e inmigrante, cre firmemente na sororidade como motor de progreso nos dereitos de todas. «Se se usan as nosas interseccionalidades como pretexto para apartarse, moi dificilmente imos cambiar o mundo».

As catro coinciden en que o teito de cristal é un concepto que non atinxe ás mulleres 'racializadas' porque para poder chegar a postos de responsabilidade antes teñen que resolver asuntos básicos, como o acceso á vivenda, a un posto de traballo ou a unha regularización administrativa. Fabiana Castro conta que as mulleres transexuais teñen unha taxa elevada de paro. Aínda que ela estudou Ciencias da Comunicación no seu país, en España traballa esporadicamente como limpadora e, nalguna ocasión, veuse obrigada á prostitución. «Algunhas mulleres brancas, fronte ao teito de cristal, están no chan. Nos outras estamos nunha serie de sotos por debaixo do solo», di Marcelino. ■

<sup>1</sup> Transcribimos boa parte do seu artigo porque o retrato ten interese.



## Punto lila en Mondariz

A instalación dun punto lila foi unha das novidades das Festas Patronais da Virxe da Pena de Francia e San Roque de Mondariz. Durante os días 14, 15 e 16 de agosto, un grupo de mulleres, apoiadas pola Concellería de Igualdade e Mocidade do Concello de Mondariz, organizaron un espazo libre de violencia machista que dese información e actuase como rede de apoio ante posibles casos de acoso, abuso ou agresión contra mulleres. O punto lila estivo aberto en horario nocturno, entre as 23 e as 3 horas, aproximadamente, porque se considerou que o período de verbena era o máis crítico pola acumulación de xente e o habitual consumo de alcohol e outras sustancias. As voluntarias identificáronse con panos lilas, tanto no recinto da festa coma no propio punto lila. O servizo, afortunadamente, non tivo unha función mediadora porque non se rexistraron agresións machistas, pero si cumpriu a súa misión informadora, especialmente entre a mocidade. No punto lila ofreceuse material das campañas de Igualdade da Deputación de Pontevedra, así como un díptico creado polo Concello de Mondariz. Moitos mozos e mozas aproximáronse para recibir información. Esta iniciativa, que partiu dun colectivo feminista interxeneracional emerxente, tamén contribuíu a visibilizar a causa da igualdade entre mulleres e homes e a tecer unha rede máis sólida entre esas mulleres comprometidas para organizar futuras actividades. ■

**Ayn Rand**, pseudónimo de Alisa Zinovievna Rosenbaum (San Petersburgo, 1905 - Nova Iorque, 1982). Filósofa e escritora, dicía isto en 1950:

«Cando advirtas que para producir precisas obter autorización de quen non producen nada; cando comprobas que os cartos flúen cara quen non trafican con bens, senón con favores; cando percibas que moitos se fan ricos polo suborno e que ti non estás protexido contra eles, senón que son eles quen están protexidos contra ti; cando descubras que a corrupción é recompensada e a honradez convértese nun auto-sacrificio, entón poderás afirmar, sen temor a enganarte, que a túa sociedade está condenada». ■



Mariann Maray, húngara foi a gañadora da duodécima edición do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados coa obra *El perro de Mimo*. Ao premio, convocado polo Concello de Santiago en colaboración coa editorial Kalandraka, presentáronse preto de 300 traballos procedentes de 24 países diferentes. O xurado presidido polo concelleiro de Educación en funcións, Manuel Dios, estivo formado por Nazaret de Sousa, Noemí Villamuza, Xosé Cobas, Manuela Rodríguez e José Morán.

O premio: 9000 euros en metálico e a edición nas cinco linguas peninsulares: galego, castelán, catalán, éuscaro e portugués.

*El perro de Mimo* narra a historia dunha nena que encontra unha bola de pelo que resulta ser un oso, que tomará o rol de can. ■

LARRAURI, Eleana: *Criminología crítica y violencia de género*, Madrid, Trotta, 2007.

Libro que xa hai anos que viu a luz, de feito foi comentado na *Andaina* número 48 da 2ª xeira, correspondente ao outono de 2007, pp. 54-58.

As moi interesantes reflexións de Larrauri seguen vixentes e cobran importancia á par que avanza e avanza o populismo punitivo e a idea de gobernar por medio do delito e tentar resolver a violencia de xénero co recurso ao Código Penal. Son 149 páxinas e ben merece a pena reflexionar sobre o traballo que ela fixo. ■



# denuncias e comentarios



Marina dos Santos, lideresa responsable da Fronte de Masas do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), estivo en Galicia a finais de marzo de 2019. Participou en diversas actividades. Se cadra a máis importante foi amadriñar a lectura pública da *Declaración de dereitos labregos en Compostela*.

Ademais da importancia do texto aprobado pola ONU, afondou nas raíces do 17 de abril como Día Mundial da Loita Labrega e agasallou ao Sindicato Labrego Galego, organizador do acto, cunha placa en memoria e homenaxe de Marielle Franco, a activista brasileira asasinada por defender os dereitos das mulleres negras das favelas. ■



As Berenguelas (AMAB): «somos un grupo de mulleres que nos constituímos en asociación en outubro de 2016. Vivimos no rural do municipio de Culleredo. Decidimos organizarnos como tal para defender as nosas liberdades e dereitos como persoas, atendendo especialmente ás nosas características como mulleres, procurando promover deste xeito, a nosa integración total nos ámbitos social, laboral, cultural e político, sempre loitando pola mellora xeral das nosas condicións de vida e a igualdade de oportunidades.

O noso obxectivo principal é traballar pola consecución dunha igualdade real entre homes e mulleres no eido laboral, social e educativo, denunciando calquera discriminación que se produza en relación cos dereitos e intereses das mulleres.

Hoxe somos 112 socias de parroquias como Sésamo, Suiro, Ledoño, Veiga e Celas». ■



Patricia Casado, directora comercial de Socios Inversores, creadora da iniciativa #SoyInversora, reivindica máis educación financeira desde a infancia.

Mimá, cousas veredes! Educación inversora desde a infancia! Aquí o capitalismo fagocitándoo todo e se cadra faino en nome da igualdade das mulleres ou cousas así. ■



Siri Hustvedt recibiu este ano 2019 o Premio das Letras da Fundación Princesa de Asturias.

De orixe norueguesa, reside en USA. Novelista, ensaísta e poeta. Experta en neurociencia e psicanálise, ademais dunha intelectual preocupada polas cuestións fundamentais da ética contemporánea e a epistemoloxía. O premio alude ao seu humanismo comprometido e feminista con obra traducida a feixes de idiomas. ■

# denuncias e comentarios

## Campioas

O pasado 7 de xullo, a Selección Española de Baloncesto Feminino gañou o Campionato de Europa. Levan sete medallas consecutivas entre campionatos do mundo e de Europa. Nesta ocasión, venceron, por moito, contra Francia. En terceira posición quedaron as serbias; unha delas recolleu a medalla que lle correspondía, co seu fillo de poucas semanas no colo.

Apenas unha semana despois, a Selección Española Feminina de Hóckey patíns proclamábase campioa do mundo tras vencer as arxentinas. Curiosamente tamén era a sétima vez que o lograban.

Ignoramos como deron os medios deportivos as noticias pero dá para reflexionar a pertinencia, en pleno século XXI, de noticias deportivas en revistas de pensamento feminista como *Andaina*. ■



## Women'secret

Aplaudimos a iniciativa. Women'secret, a coñecida multinacional de roupa interior, dispón na súa web e nalgunha das súas tendas dunha colección adaptada para mulleres que teñen sido operadas de cancro de mama. Deseñada co asesoramento de profesionais da área de xinecoloxía oncolóxica, a liña Post-Surgery Bras inclúe suxeitadores, bikinis e traxes de baño adaptados para próteses. O obxectivo, segundo anuncian na súa web, é «que as pacientes que foron operadas de cancro de mama sigan sentíndose guapas por dentro e por fóra, ofrecéndolles unha colección moi cómoda, feminina e accesible». ■



Manuel Ansele asina un artigo no xornal *El País* o 23 de xullo 2019 dando conta de traballos e investigacións de Elena Giné, Cristina Nombela e F. de Castro sobre as esquecidas pioneiras da neurociencia.

Nunha caixa *perdida*, amoreada xunto o legado de Santiago Ramón y Cajal, desde 1989 almacenado nunha sala do instituto Cajal, C. del Valle e M.<sup>a</sup> G. Amador asinaban uns minuciosos debuxos.

Nun artigo en francés publicado en 1932 sobre as «terminacións sensitivas dos órganos xenitais externos», as dúas mulleres, Conchita del Valle e María García Amador, debuxaban con mestría o clítoris a partir de diseccións de cadáveres ao microscopio. Elas foron mulleres pioneiras que traballaron no laboratorio de Jorge Francisco Tello, un dos discípulos de Cajal. É probable que sexa un dos primeiros artigos científicos publicados sobre a inervación do clítoris.

Dádesvos conta? Estudo do clítoris en 1932 diseccionado e debuxado por dúas mulleres no laboratorio?

Sábese que no Laboratorio de Cajal traballaron como discípulas e axudantes algunhas mulleres, entre elas Laura Forster, médica australiana (Sidney, 1958) chegada ao laboratorio desde Oxford en 1911, e Manuela Serra, da que se sabe pouco, axudante ao igual ca súa irmá Carmen no laboratorio. ■

A Mónica Rodríguez entroulle o medo cando o seu fillo de 6 anos lle dixo que era unha nena. Pensou, falou, investigou, contactou con Arelas.

Con 9 anos Paula conseguiu. Cambiar de nome e sexo no seu carné de identidade.

Paula e Mónica tiveron sorte. O seu entorno escolar, familiar, de amizades e profesoral entendeu sen problemas desde o primeiro momento. Non é frecuente. Por iso dicimos que Paula tivo sorte e talvez esas portas que van abrindo permitirán transitar con máis liberdades e menos prexuízos a outras persoas que sintan discordancias entre os xenitais, o xénero asinado e o sentido. *Albricias* para elas! ■



# denuncias e comentarios



Montse Martínez é a primeira presidenta do Club Portonovo. Club que sairá en Preferente e Montse Martínez unirase ás outras cinco mulleres que están á fronte de clubs desa categoría. Ademais é unha experta polbeira que, cos seus 25 anos, coce, corta e serve. Comezou de camareira e o seu xefe, que era do Carballiño, foi quen lle ensinou a cocíñalos. ■



O Squash Oviedo luciuse do lindo cos premios que lles deu as deportistas gañadoras do Campionato de Asturias de Squash: un vibrador, un kit de depilación e unha lima eléctrica para os pés. Quedaron *noqueadas*, afeitas ao esforzo, ao adestramento, a anos de campionatos con regalos de material deportivo.

Falárono e acordaron esixir responsabilidades porque non pode ser un premio dun campionato oficial subvencionado polo Principado, devolvendo os regalos.

Ademais de denunciar o sexismo e o nada axeitado dos regalos, foi facer ver que o deporte, hoxe en día, segue sen ser igualitario.

Por suposto que aos eles gañadores ningún regalo de tal tipo lles fixeron. ■

E agora que tanto se fala das Torres de Meirás, non nos resistimos a anotar que as que venderon o polémico inmoible foron dúas mulleres. Blanca Quiroga, a máis lonxeva das fillas da escritora Emilia Pardo Bazán, e a súa cuñada, Manuela Esteban Collantes. As dúas, ambas sen descendencia, parece que lle entregaron Meirás ao Caudillo, fondamente doídas pola morte de Jaime Quiroga Pardo Bazán, o único fillo varón de dona Emilia, e o fillo deste, Jaime Quiroga Esteban, o único neto da condesa de Pardo Bazán.

Explica Pilar Faus en *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida y su obra* (2003) que á morte da escritora (1921), Meirás pasou ao seu primoxénito, Jaime, que xunto ao seu fillo de 18 anos, Jaime tamén, foi asasinado en Madrid por unha checa de milicianos republicanos. Foi Dálmiro de la Válgoma, estudoso da árbore familiar de dona Emilia, quen deixou dito que Jaime Quiroga tivera un fillo fóra do matrimonio cunha humilde muller madrileña, tería sido el quen o mandou deter e quen o matou o 11 de agosto de 1936 na rúa Goya da capital madrileña. Sen valor para rematar tamén ao seu medio irmán que aquel día acompañaba ao pai de ambos, o «ilexítimo» viu como os seus compañeiros se ocupaban do «lexítimo». De todo isto fala Francisco Camba, en *Madridgrado* (1939).

A historia das mulleres queda, unha vez máis, nun segundo plano. Quen foi a «muller do pobo» que concibiu un neto de Pardo Bazán? Como viviron Blanca Quiroga, a irmá de Jaime, e Manuela Esteban, a viúva, os seus últimos anos? ■



A Gala do Libro Galego 2019, actividade conxunta da Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega, a Asociación Galega de Editoras e a Federación de Librerías de Galicia, tivo lugar o sábado 11 de maio de 2019, en Santiago de Compostela.

Tres categorías de premios: Banda deseñada, Traxectoria en xornalismo cultural e Libro mellor editado.

A revista *Luzes* recibiu o premio á Taxectoria de xornalismo cultural e recolleron o premio Ana Luísa Bouza e Valeria Pereiras. Parabéns! ■

# denuncias e comentarios

Pasaron xa meses desde que na aquela terrible Escuela Feminista Rosario Acuña de Gijón, visualizamos a través de ligazóns que nos chegaron palestras nas que señoras «feministas» se posicionaban con toda tranquilidade coa ofensiva ultraconservadora que enarbola como inimigo número un a «ideoloxía de xénero».

Neste debate impulsado polas TERF ou FET (feministas que queren excluír dos feminismos as experiencias trans e xenerodisidentes), realizábase un claro exercicio de discriminación, no que un grupo privilexiado (feministas brancas, de clase media, desde a academia, un grupo moi relacionado co PSOE) se outorga o poder de definir que é e que non é feminismo; quen é e quen non é muller; establecendo unhas liñas e fronteiras que ninguén solicitou nin precisa, agás as propias convocantes deste encontro. Ademais utilizan unha suposta «racionalidade», un suposto «sentido común» e unha suposta «ciencia» para lexitimar estas fronteiras, caricaturizando, con moi pouco rigor e con moito énfase, a experiencia das persoas trans e xenerodisidentes. Realizan este exercicio para restrinxir e delimitar o feminismo no momento en que gañou poder e diversidade social. O que máis nos chamou a atención foi o desprezo, a superioridade e o resentimento con que falaban as poñentes, a súa superioridade moral, por que tanto odio?

Nun momento no que a extrema dereita en toda Europa asoma coa peor das súas facianas, no que o acoso escolar contra persoas trans, gais, lesbianas e bisexuais continúa, no que o Mediterráneo é unha fosa común, e no que

están en risco moitos dos nosos dereitos, estas mulleres, desde o privilexio da súa clase social e a súa posición institucional, decidiron que as principais inimigas do feminismo son a teoría *queer* e as mulleres trans, e que esa é a prioridade á que van dedicar os seus (moitísimos) recursos.

Non sabemos se é medo a perder poder e lexitimidade diante da nova diversidade da mocidade nos feminismos. Non temos a certeza de se simplemente é transfobia interiorizada ou se decidiron ser parte do bando de Bolsonaro, Orbán, Vox e a Igrexa evanxélica.

As políticas *queer* e trans permitiron que nos fixésemos preguntas sobre a nosa identidade, sobre que significa ser muller, co obxectivo de ampliar o mesmo campo de liberdade dos suxeitos, abrindo a posibilidade de imaxinar outras formas de ser sen corsés impostos.

As convocantes das que falamos son, por fortuna, un grupo minoritario, mais tamén, por desgraza, con moitos altofalantes e arroupadas con recursos e poder político. Capitaneadas por Amelia Valcárcel, pretenden poñer o cuño ao auténtico feminismo, do que elas serían as propietarias (verdadeira voz, vangarda e orixe). Porén os feminismos non son unha sustancia que poida terse, é unha práctica colectiva, con moitas teorías e debates, mais sobre todo unha transformación en marcha, unha auténtica revolución para milleiros de mulleres (e tamén para as mulleres trans) que con autoritarismo e odio non van poder parar. ■

## Facéndonos eco das redes sociais...

**A Sánchez Moreno** @alejandrosanmo · Siguiendo

Zara deberá pagar 1,5 millones de dólares en Brasil por un caso de trabajo esclavo. Atención a cómo blanquea la noticia La Voz de Galicia.

La Voz de Galicia

INTERNACIONAL



Imagen: FUCO PDI


**Zara aportará 1,5 millones de dólares para combatir la esclavitud y la explotación infantil en Brasil**

**Joaquim Bosch** @JoaquimBo... · 12h

Hoy se ha inaugurado oficialmente el año judicial. Aquí la foto de la cúpula de la judicatura. Una clara muestra de no discriminación y de visible incorporación de las mujeres al gobierno de la justicia, en un ordenamiento que proclama solemnemente el principio de igualdad.







*Alén dos xéneros: Prácticas artísticas feministas en Galicia* (2018). Edición con fotografías das obras e textos da exposición que co mesmo título fixo o MARCO de Vigo e a seguir o Auditorio de Galicia comisariada por Anxela Caramés.

En coprodución de ambos centros fíxose a publicación do catálogo da exposición que, amén de dar importancia a boa parte das prácticas artísticas feministas (50 artistas con vinculación —nacemento, formación ou residencia—), buscou tender pontes cos movementos sociais «dándolle presenza a colectivos activistas coa intención de remarcar a faceta política da arte feminista. Neste

sentido, a exposición tratou de ser cerimoniosa, festiva e lúdica, ademais de reivindicativa, seguindo unha liña que entronca co pensamento *queer*, tal como se extrae da pancarta pintada por Tabo Ayala para a \*Mani\*festa\*accom do 28 de xuño de 2010, organizada por Maribolheras Precárias en «Queerunha» (Queer Coruña) baixo o lema *Dá-lhe prazer ao corpo. A súa moral dá-nos igual*, e que foi usada como *photocall* nas salas expositivas do MARCO e do Auditorio de Galicia en Compostela».

Son 253 páxinas cos textos en galego, inglés e castelán, nunha coidada edición. ■



Miss Bolivia, de nome María Paz Ferreyra, naceu en Bos Aires, en abril de 1976. Cantante, produtora, compositora, funde estilos destacándose na súa música a vontade de protesta. Recolle xéneros predominantemente machistas e goza revertendo esa tendencia.

Di que cando Miss Bolivia chegou á súa vida «agregouna para seguir dicindo e facendo as preguntas que xa me facía. A música é un soporte máis por onde circula a miña militancia». ■

*Playmobil Pink* púidose mercar en todos os quioscos galegos a comezos de verán. O número 17 desta popular revista infantil, insultantemente rosa, agasalaba, por pouco menos de catro euros, unha figura exclusiva de Playmobil: unha «novia con velo y ramo de flores». No interior, unha patética banda deseñada de 11 páxinas, titulada «El gran día» describía a voda de Elsa e Luís e o enfado da noiva con Telma, a súa madriña e mellor amiga, porque Telma conseguiu un coche de cabalos para que os noivos chegasen á cerimonia e eles preferían facelo en limusina. O argumento, «todo un drama», dá boa conta do nivel educativo do produto. Completaban a publicación receitas de madalenas con forma de corazón, un póster da noiva e os seus convidados, comentarios sobre o amor no reino animal e un crebacabezas que permitía recompoñer un «corazón roto». Lamentable!!! ■







nino onde as mulleres da vila —de todas as idades— foron apoiadas por centos de veciñas e veciños, ou un pasarrúas onde os músicos guiaban os pasos cara o concerto de peche do festival. «Ese campo cheo de veciños e veciñas..., xa non só as mulleres que se implicaron e quixeron participar, tamén a reverberación que tivo iso a nivel monterrosino, mostrar que outras persoas se implican e o pasan ben, neste caso mulleres, teceu unha ponte entre o Agrocuir e a vila súper necesaria e increíble», resume a organización satisfeita coa reafirmación desta unión que, asumen, debe marcar a diferenza para o festival. ■

## Monterroso, protagonista do Agrocuir 2019

COLECTIVO AGROCUIR DA ULLOA

Fotos: J. Cabana

A sexta edición do Festival Agrocuir veu cargada de reivindicacións, de intres, de coidados, de programacións estelares e, por riba de todo, da presenza da vila na que se organiza, Monterroso, que este ano foi a verdadeira protagonista. Tras catro anos nos que a Granxa Maruxa serviu de lugar de encontro para os centos de locais e foráneas que se congregan cada última fin de semana de agosto para reivindicar e celebrar a diversidade sexual no ámbito rural, esta vez o Agrocuir celebrouse nun espazo rehabilitado, o souto do Caracacho.

De igual xeito, gran parte da programación tivo lugar nas rúas de Monterroso, como un partido de fútbol femi-





# A imposición da heterossexualidade

SARA DOVAL MARTÍNEZ

En 1980 Adrienne Rich escribiu *Heterossexualidade obligatoria y existencia lesbiana*; foi unha das primeiras persoas en falar da imposición da heterossexualidade. Anos máis tarde, en 1991, Michael Warner falou da «heteronormatividade».

Que é a «heteronormatividade»? Pois é un réxime social e cultural no que se impón a heterossexualidade como única orientación sexual válida, normal, natural, ou incluso como a única orientación *boa*.

O exemplo máis claro da heteronorma é o feito de ter que saír do armario. Esta sociedade dá por feito que todas as persoas son heterossexuais, e chega un momento no que *cambian de gustos*. Temos que destruír o concepto de saír do armario, porque o único que conseguimos é intensificar esa imposición da heterossexualidade. Se os heterossexuais non teñen que saír de ningún *armario*, por que as persoas que non o son si?

Heteronormatividade tamén é que teñan que existir estudos que confirmen que ser lesbiana, gai ou bisexual non é unha trola.

Cantas veces escoitarás por aí que non ser hetero é unha moda ou simplemente unha fase da túa vida, que algún día rematará e volverás ser hetero.

Heteronormatividade é que aínda haxa moitos países do mundo nos que se teña que aprobar o matrimonio homosexual. Que ser homosexual ou bisexual é algo estraño que ten que ser tratado por unha psicóloga ou psicólogo.

Por se aínda non quedou claro a heterossexualidade impónsenos, si. Por-



que cando somos nenas preguntásenos: «xa tes mozo?». Cando creces algo máis dinche: «a ver cando te botas mozo!».

Hai máis de 150 especies animais que non son heterossexuais, é dicir que son bisexuais ou homosexuais, incluso hai especies que son transexuais. Tan só a especie humana é homofóbica, bifóbica, lesbifóbica e transfóbica.

Tamén moita xente se queixa de que se está *metendo* a homosexualidade ou bisexualidade en todos os lados, porque as rapazas pequenas e os rapaces pequenos poden asustarse. O problema é que se se asustan é porque se está a impoñer

que dúas persoas do mesmo sexo dándose un bico non é algo natural.

Reafírmome: esta sociedade imponnos unha idea. E como o fai? Xoguetes rosas e de princesas para nenas e xoguetes azuis e coches para nenos. Por que ocorre isto?, porque á parte de vivir nunha sociedade heterossexual, tamén vivimos nunha sociedade patriarcal, na que o poder recae sobre os varóns, na que eles son os fortes e os que teñen que levar as rendas da familia, e as mulleres somos as delicadas e as que deberíamos estar subordinadas a un varón.

# Falar de memoria

IDOIA HORMAZA

Outro exemplo de heteronorma serían os anuncios publicitarios de preservativos, se vos fixastes nalgún, saen exclusivamente parellas heterosexuais, cando realmente os homes que manteñen relacións sexuais con homes teñen un maior risco de contraer VIH, así como outras infeccións de transmisión sexual.

E para rematar, vou tratar un último tema que contribúe a normalizar a heteronormatividade. A virxindade, isto é unha construción social que durante anos foi utilizada como arma para controlar a sexualidade feminina e foi froito da mercantilización da muller. Non digo nada novo cando escribo que en moitas sociedades inda continúa o terrible costume de vender as mozas ao mellor ofertante e cásanas para obter beneficios. Son un obxecto de comercio que ten que ser entregado puro e sen rabuño algún, é dicir, mulleres puras. A virxindade pasou a ser algo esencial na vida das mulleres porque diso dependía o seu futuro.

Este concepto non só é problemático polo que supón para as mulleres, senón que tamén reforza a heteronormatividade. As prácticas sexuais como o sexo anal, oral ou a masturbación mutua non se contemplan como actividades nas que «perdes a virxindade». É dicir que só perdes a virxindade cando un home con pene mantén relacións sexuais cunha muller con vaxina.

Que nos quede claro, non se perde nada por manter relacións sexuais con alguén. E deixemos de alimentar a esta sociedade heteropatriarcal. ■

Non podo deixar de sentir verdadeiramente abraio polas declaracións dalgunhas políticas que se din *non feministas*. Pódese pensar nas posibilidades que empran estas mulleres a pronunciarse así, aínda que o rexeiten porque cren que se trata dunha cuestión de esquerdas, pode que non sexan conscientes de que se non tivesen existido feministas na historia, a súa voz rebotaría contra as catro paredes dunha coxina, dun cuarto de pasar o ferro, de cambiar cueiros ou o que for. Seguramente dando ordes para que esas tarefas se realizasen, pero, sen dúbida, as súas vidas serían moi diferentes.

Comezan a asaltarme lembranzas varias. Unha vez lin en Twitter a un home que resolvía moi fachendoso e sucinto a cuestión do xénero na linguaxe escrita e falada, «xa existía unha norma, o xenérico masculino e a institución que así o sentenciaba era nada máis e nada menos que a Real Academia da Lingua». Pode que a este home se lle escapase que a mesma RAE «fártase e pon fin ao *todos e todas*», como di o titular dun xornal... Fártase... Estou de acordo, creo que xa está ben de dicir *todos e todas, cidadáns e cidadás*, etc. A partir de agora poderíamos dicir simplemente: *todas, cidadás*... Pregúntome eu *cantas mulleres hai na RAE?* A resposta, SEIS.

Se é certo o que leo, esta sexta entrada feminina é a décima na súa historia de 300 anos. Pregúntome de novo se cabe esperar algunha forma de aportunismo dunha institución tan rancia. Algúns dos seus membros deixaron

<p><b>SAR</b> 'Hesav. Plin. lib. 8, cap. 51. El <i>farro</i> es tanto bien generacion de calvas montes. <b>SARRO</b>. f. m. Bordo duro e fiavel, que de las eriquetas calcitradas de algunas cosas se va: cantando y amando, como se ve en algunas cosas, en los diccion. Ro. Lat. <i>Sarrop</i>. <b>SARRO</b>. f. m. Bordo duro e fiavel, que de las eriquetas calcitradas de algunas cosas se va: cantando y amando, como se ve en algunas cosas, en los diccion. Ro. Lat. <i>Sarrop</i>. <b>SARRO</b>. f. m. Bordo duro e fiavel, que de las eriquetas calcitradas de algunas cosas se va: cantando y amando, como se ve en algunas cosas, en los diccion. Ro. Lat. <i>Sarrop</i>.</p>	<p><b>SAS</b> don-otra cois, amoque no fan farro. Dico: se tambien de las cosas inanimadas. Lat. <i>Sarsaria sars</i>. <i>Sarsaria</i>. Arca. p. m. lib. 1, cap. 9. Quando en cada no habia que hacer, dabamos los bellacos de mosas, y pasen mucho del <i>farro</i>. <b>SASURIO</b>. f. m. 'Voz Anatom. El músculo llamado del <i>farro</i>, que sirve para poner una pierna sobre otra. Mat. Anatom. Ind. Lat. <i>Sarsaria</i>.</p>
<p><b>SAR</b> 'Hesav. Plin. lib. 8, cap. 51. El <i>farro</i> es tanto bien generacion de calvas montes. <b>SARRO</b>. f. m. Bordo duro e fiavel, que de las eriquetas calcitradas de algunas cosas se va: cantando y amando, como se ve en algunas cosas, en los diccion. Ro. Lat. <i>Sarrop</i>. <b>SARRO</b>. f. m. Bordo duro e fiavel, que de las eriquetas calcitradas de algunas cosas se va: cantando y amando, como se ve en algunas cosas, en los diccion. Ro. Lat. <i>Sarrop</i>. <b>SARRO</b>. f. m. Bordo duro e fiavel, que de las eriquetas calcitradas de algunas cosas se va: cantando y amando, como se ve en algunas cosas, en los diccion. Ro. Lat. <i>Sarrop</i>.</p>	<p><b>SAS</b> don-otra cois, amoque no fan farro. Dico: se tambien de las cosas inanimadas. Lat. <i>Sarsaria sars</i>. <i>Sarsaria</i>. Arca. p. m. lib. 1, cap. 9. Quando en cada no habia que hacer, dabamos los bellacos de mosas, y pasen mucho del <i>farro</i>. <b>SASURIO</b>. f. m. 'Voz Anatom. El músculo llamado del <i>farro</i>, que sirve para poner una pierna sobre otra. Mat. Anatom. Ind. Lat. <i>Sarsaria</i>.</p>

Algúns homes e algunhas mulleres amóllalles un cambio na linguaxe, mais aceptan moitísimos outros cambios bastante peores e veloces: reformas laborais por citar un. E aquí entran outras cuestións, ridiculizar algunhas palabras como *membra*, ata hai pouco tamén soaban fatal *arquitecta*, *enxeñeira*, *científica* ou *avogada*

aí, amóllalles un cambio na linguaxe, mais aceptan moitísimos outros cambios bastante peores e veloces: reformas laborais por citar un. E aquí entran outras cuestións, ridiculizar algunhas palabras como *membra*, ata hai pouco tamén soaban fatal *arquitecta*, *enxeñeira*, *científica* ou *avogada*.

Pode que as feministas nos equivoquemos, pero onde máis vemos o radical é no novo, o radical do vello pensamento cristálizase e pasa a formar parte da *normalidade*. Son inercias de séculos, que non só están nas palabras, senón no rumbo da realidade que recollen, de quen? Da masa. Como é posible

que as mulleres teñamos problemas de discriminación equiparables aos das minorías? Evidentemente non o somos, as minorías eran as persoas capaces de pensar de maneira distinta mentres o nutrido número arrastraba as demais. Non teño problema en utilizar o masculino plural, mais opino que o exercicio do feminino plural é moi interesante, simplemente polas bochas que levanta. Non entendo por que se as mulleres non nos sentimos molestas cando se refiren a nosoutas como *molestos*, algúns homes están *molestas* cando de *molestas* son cualificados.

Tamén sería interesante que as mulleres pensásemos que non temos que conquistar nada no individual e que nos comportásemos con normalidade como fan os homes, non ser coma eles, senón movernos coa mesma liberdade e laxismo.

Isto levoume a outras dúas anécdotas, a primeira xorde dun filme do ano 1967, *Adiviña quen vén cear esta noite*, cun maravilloso elenco. O que máis me impactou foi o momento no que o personaxe de Sidney Poitier lle contestaba ao seu pai «Sabes cal é o teu problema? Que ti te ves como un home negro e eu véxome como un home».

E a segunda lina nalgunha parte, alguén lle espetara a Hanna Arendt que ela dicía tal cousa por ser muller e ela contestou que o dicía porque o pensaba.

Pode, lembro, pode, lembro, pode... A conquista do xa conquistado que hai que conquistar, moito por facer.

Lido nun cartaz na biblioteca Eugenio Trías: «O feminismo é a idea radical que sostén que as mulleres somos persoas». ■







# Fertilizar a horta feminista cos machistas mortos?

NANINA SANTOS

Nos últimos anos, nas manifestacións feministas ás que acudimos, teñen ido incorporándose ou multiplicando o apoio mulleres que corean algúns lemas e consignas que merecen reflexión e debate:

*Polla violadora á licuadora. Machista morto, abono para o meu horto. Esmaghare, hainos que esmaghare... contra a parede. Sen pernas, sen brazos, machistas a pedaços. O machismo é terrorismo.*

As catro primeiras teñen a propiedade de individualizar o problema da violencia, da opresión, da marxinação, da subalternidade... en suxeitos particulares e, ao tempo, propoñer medidas violentas para bater no machismo e as súas expresións, que só se concretan no caso da «polla violadora».

Seguramente as mulleres que as beirran e con máis propiedade as que as inician, mesmo desde altofalantes, non

propoñan, nun debate sosegado e tranquilo, tales medidas, pero, se isto é así, por que queren que se coreen en manifestacións?

Son conscientes, por outra parte, que machista, con bastante rigor, poderíamos dicilo dunha porcentaxe alta da poboación e non só de varóns cis?

Un lema nun cartel, e máis aínda nunha manifestación ou concentración, ten o valor que ten, porén tampouco ninguén poderá ignorar que contribúen a difundir ideas e ideoloxía.

Se o feminismo se ten presentado, en tantas ocasións, como pacifista, ese tipo de slogans contradirían tal carácter, desde logo. Negarían igualmente a posibilidade de recuperación e corrección de condutas machistas, por graves que estas sexan. Ou... estase presentando ese feminismo como partidario da pena de morte e da prisión permanen-

te revisable, eufemismo de cadea perpetua?

Non pode dicirse que esas consignas non promovan tales ideas, e se as persoas que as inician non son partidarias desas políticas, non deberían berralas e menos promovelas. A responsabilidade do que se difunde existe e non abonda con botar as mans á cabeza cando asistimos a peticións semellantes por parte dos *pais coraxe* (pai de Diana Quer, por exemplo) ou por parte de políticos da dereita aos que convén un estado moi represivo e castigador a través, basicamente, do Código Penal.

Esa é unha das cuestións. Outra: Buscamos *chibos expiatorios* nos que descargar a nosa ira, rabia, enfado e dor por tantos asasinatos, malleiras, humillacións e alteridade? Resolveremos o problema social e político arreando estopa particular aos machistas que pi-

llemos a man? Non se ve que con este tipo de lemas a idea que se difunde é que eles, os machistas, son responsables e *xastá*? Son eles os únicos responsables? Non caben máis solucións que tiralos do medio? Resolveremos a cuestión deste xeito?

Son preguntas retóricas todas esas que fago. Claro que eu non acredito en semellante vía. Temos *un problema* social e político enorme coa opresión da muller; ao igual que con outros *problemas* igualmente grosos: as clases sociais, o racismo, o capitalismo salvaxe que depreda canto encontra ao seu paso, o militarismo...

Por que só co tema do feminismo e o machismo buscamos solucións individuais? Por que non, seguindo esa mesma lóxica, propoñemos «esmaghar» a Trump e a Christine Lagarde, a Bannon e a Bolsonaro, ás Koplovich e a Merkel, a Putin e a tantos enormes dirixentes das grandes corporacións? E aos xerarcas das igrexas do mundo, incluíndo o *lobby israelí* que exerce unha violencia inusitada no pobo palestino, saltando todas as normas internacionais sen que ninguén lle poña a buceira. Todos habitan entre nós con normalidade e aureolas de benfeitores da humanidade... Por que só ao machista que temos máis a man? Porque o temos máis a man ou porque nos parece máis grave a opresión da muller e a violencia que se exerce contra ela que aqueloutra contra as persoas traballadoras mortas por contaminación de silicose ou amianto, con vidas pésimas e corpos estragados por longas xornadas laborais e pouca ou nula protección? Que pasa cos habitantes de áreas nas que se contaminaron as augas ou aos que lles roubaron as terras, persoas racializadas que ven, un día si e outro tamén, como a súa alteridade acada cotas enormes que lles impiden vivir vidas dignas? É interesante tentar responder a estas interrogantes para saber que é o que pensamos e como pensamos.

O xeito de estar construídas as sociedades nas que vivimos é cousa comple-

xa. Sociedades baseadas na desigualdade, na inxustiza social e na moi desigual distribución da riqueza. Crer que radicalizándonos verbalmente as consciencias medrarán e a sociedade vai ir a mellor é unha inxenuidade. Igual algunhas persoas logran sentirse máis ledas logo de berrar este tipo de slogans en manifestacións, sinaladamente nas multitudinarias, porén a satisfacción persoal non debería ser fundadora de ideas e lemas.

Axuda contextualizar e relativizar os problemas que padecemos mentres nos



aplicamos en seguir desmontando a cultura que teceu por séculos e desde todas as disciplinas, un dos compoñentes de desigualdade, a inferioridade da muller, e poñemos coto ás prácticas opresivas que nos limitan ou impiden liberdades e dereitos.

O último dos lemas que citaba, *O machismo é o terrorismo*, tamén ten para darlle unha volta. O terrorismo é crear

terror como ferramenta política. Afirmar que os asasinatos machistas, as violacións, especialmente as máis duras, e as malleiras de alta intensidade teñen como pretensión o dominio das mulleres (non dunha muller particular) é atribuír a actos individuais capacidade conspirativa. É dicir, homes que se poñen de acordo na comisión dos seus actos delitivos e criminais para someter ás mulleres coa finalidade de seguir ostentando o seu poder.

Hai teorías feministas que defenden iso, ou máis ou menos iso. Como se o patriarcado fose unha conspiración da masculinidade hexemónica e os homes, todos os homes, tivesen poder ou igual poder, e as mulleres, todas, submisión e subalternidade de igual xeito.

Sei que mesmo un paria pode ter o *poderción* de facerlle a vida miserable a *súa* muller ou á *súa* filla, erguer cinco milímetros á cabeza sobre un negro, caso de ser persoa branca, pisar a liberdade dunha lesbiana porque non acredita que é suxeito de dereitos ou insultar a un cigano porque o considera inferior.

O poder e a violencia son complexos, e non axuda a entendelos despachalos con lugares comúns. Nos seus formantes hai máis cousas e cousas importantes, ademais do xénero.

Estas reflexións sobre cinco lemas non queren embazar as moitas consignas estupendas que tamén se berran nas manifestación. Algunhas cheas de enxeño, outras de combatividade e espírito solidario coas vítimas do machismo máis duro e delitivo ou con colectivos espoliados pola patronal (composta non só de varóns) ou marxinais e sen dereitos.

Sería estupendo que avanzásemos en reflexión e en debate sobre estas cuestións porque, de facelo, nos fan medrar, porque nos animan a seguir pensando, a intercambiar puntos de vista e afinar máis as mensaxes que emitimos para ser escoitadas, para crear escola, para transmitir ideas, para difundir pensamento feminista e non, simplemente, para quedar máis ledas polo moito e ben que berramos a nosa ira. ■



# APROXIMACIÓN A UN PASADO PRESENTE: Violencia de xénero na Transición

ENYA ANTELO

O noso sistema xudicial vén de algheres. As súas inxustizas son vellas e a elas debemos atender para comprender un presente en constante conexión co pasado. Esta xustiza abusiva que hoxe é epicentro da ira feminista ante casos tan mediatizados como o da Manada, nace nun tempo do que aínda teñen memoria as nosas devanceiras. Nun pasado que se mantén presente.

Por suposto, avanzamos. Soster o contrario sería simplista, claro menosprezo para aquelas que nos anteceden, pois se estamos aquí, é por elas. É porque souberon erguer as voces e as mans nunha loita que foi quen de poñer, parcialmente, couto ao poder. Mais as súas capacidades para mudar o sistema foron evidentemente limitadas por un réxime que —tal e como xa expliquei en «Everybody should be feminist», no anterior número de *Andaina*— estaba máis centrado en construír unha imaxe igualitaria e democrática do país que en acadala formalmente. Neste sentido, mirar cara ao pasado é vital para comprender os nosos problemas actuais, para non desacordarnos de que o eixe dos mesmos está no esqueleto do sistema e non en individuos concretos.

É fácil esquecerlo. O poder xoga con vantaxe desde unha estratexia confucionista que nos leva, ás veces, a focalizar a nosa rabia no suxeito *equivocado*. E isto ten un nome. Isto chámase *erro fundamental de atribución*, e refírese á «tendencia da xente a explicar a situa-

**Durante o tempo en que o xuízo da Manada permaneceu aberto, os medios tenderon a poñer o foco, case exclusivamente, nos violadores, chegando a abrirse debates entornó á cuestión da prisión permanente revisable —proposta asociada ás ideoloxías máis conservadoras— como unha cortina de fume coa que os estados botan *balóns fóra***

ción na que se atopa en función de deficiencias individuais, máis que por medio da atribución a deficiencias do sistema. [Pero] só cando se atribúen deficiencias ao sistema se xera unha base para a acción colectiva» (McAdam, McCarthy e Zald, 1999: 31).

Durante o tempo en que o xuízo da Manada permaneceu aberto, os medios tenderon a poñer o foco, case exclusivamente, nos violadores, chegando a abrirse debates entornó á cuestión da prisión permanente revisable —proposta asociada ás ideoloxías máis conservadoras— como unha cortina de fume coa que os estados botan *balóns fóra*



Manifestación contra as sentenzas machistas. Imaxe publicada no folleto elaborado pola Coordinadora Feminista Galega sobre a Modificación do Código Penal en 1990. Fonte: Arquivo do Consello da Cultura Galega; CFG/017. AGM



para evitar asumir as súas responsabilidades. Tanto é así que, polo de agora (e semella que permanentemente de non continuar coa batalla), non hai máis culpables que os propios violadores. Os xuíces, que antes fallaron en favor dos mesmos, permanecen inquebrantables. E isto tamén ten un nome. Isto chámase *violencia institucional de xénero*, e refírese á responsabilidade que teñen os estados na perpetración da violencia contra as mulleres, xa sexa por acción ou por omisión da mesma.

A día de hoxe, no Estado español, non hai ningunha lei que recolla este termo. Ningunha. Acéptase a súa existencia, porque no *Convenio de Estambul* (2011) fálase dela e este foi ratificado polo Estado español no ano 2014, pero a partires de aí non existiu tentativa algunha de legislar na súa contra. Ben é certo que a lei do Dereito das Mulleres a Erradicar a Violencia Machista de Cataluña, recolle con moita amplitude as

**A nosa realidade é filla  
daquel tempo que comeza  
oficialmente en 1975, aínda  
que, na práctica, a morte do  
ditador pouco implicou para  
o colectivo feminino. Nin  
as mentalidades nin as leis  
mudaron á par da mesma**

diferentes formas de violencia contra as mulleres, achegándose ao plano institucional, pero sen mencionalo expresamente (Bernal, 2018).

Entón, por que con tanto traballo por facer debemos centrarnos no pasado? Non é acaso unha actitude inoperante, carente de rendemento? Coido que non. Insisto en que o actual aparello estatal e os axentes que o compoñen manteñen lazos cun pretérito inmediato que prolonga a súa influencia ata o presente. Existe unha continuidade que se evidencia ao mergullarnos nese tempo da Transición que con tantas deficiencias conta, sendo especialmente visibles en materia de xénero (sobre todo se entramos en comparativas con outros países da Europa Occidental, centrados en conseguir novas melloras, mentres que nós, víamonos obrigadas a recuperar vellos dereitos).

A nosa realidade é filla daquel tempo que comeza oficialmente en 1975, aín-



Ilustración publicada no folleto elaborado pola Coordinadora Feminista Galega sobre a Modificación do Código Penal en 1990. Fonte: Arquivo do Consello da Cultura Galega; CFG/017. AGM




Ilustración publicada polo Colectivo Feminista Donicela, Coordinadora Feminista Galega, Mulleres Nacionalistas Galegas, e as secretarías da muller de CCOO, CXTG e INTG. Sen data. Fonte: Arquivo do Consello da Cultura Galega; CFG\_VV/016. AGM

da que, na práctica, a morte do ditador pouco implicou para o colectivo feminino. Nin as mentalidades nin as leis mudaron á par da mesma.

Cando á altura do ano 1976 se debata sobre a amnistía, os lexisladores optaron por esquecer ás presas por delitos de aborto e amancebamento. Non eran, segundo consideraron, presas políticas. Tampouco a licencia marital (que implicaba a necesidade do beneplácito do marido para os movementos da esposa na súa vida pública —como comparecer ante un xuízo, ou mercar unha propiedade—) se derroga realmente no ano 1975, tal e como invitaría a pensar a modificación do Código Civil e de Comercio, xa que o home seguiu a manter patria potestade sobre os fillos e capacidade para administrar os bens da esposa ata, nada menos, que 1981.

No que se refire especificamente á violencia de xénero, non hai modificacións respecto da Ditadura ata o ano 1983, coa reforma do Código Penal, que suscitou un forte rexeitamento por parte dun Movemento Feminista que, vendo o alto número de denuncias por maltrato físico ou psicolóxico (as segundas, por exemplo, representaban case a metade das denuncias á altura de 1985), non alcanzaba a comprender que o novo goberno socialista optase por legislar unicamente en contra da violencia sexual e ademais dun xeito moi timorato: só se consideraba violación no caso de penetración vaxinal con forza ou ameazas. Todo o demais sería considerado como *abusos deshonestos*, para os cales se permitía o *perdón da ofendida*. Neste sentido, son varias as ocasións nas que, desde a prensa feminista, se documenta a existencia de subornos ás vítimas. A todo isto súmase a necesidade de que presentase denuncia a propia persoa agraviada ou o titor/representante legal da mesma, algo que non acontecía con calquera outro tipo de delito. Esta clase de crimes eran, ademais, catalogados como *delitos contra a honestidade*, equiparando a honra da muller á súa sexualidade. É algo que non desaparecerá ata a segunda modi-

**No que se refire especificamente á violencia de xénero, non hai modificacións respecto da Ditadura ata o ano 1983, coa reforma do Código Penal, que suscitou un forte rexeitamento por parte dun Movemento Feminista que non alcanzaba a comprender que o novo goberno socialista optase por legislar unicamente en contra da violencia sexual e ademais dun xeito moi timorato: só se consideraba violación no caso de penetración vaxinal con forza ou ameazas**

ficación do Código Penal, xa entrada a década dos noventa: o concepto de violación seguía inmutable, aínda que aparece un novo delito denominado *acceso carnal*, que contemplaba o caso da violación anal cunha pena máis leve. O termo *abusos deshonestos* mudaba polo de *abusos sexuais*, pero o *perdón da ofendida* continuaba vixente. Co tempo, introdúcense melloras e ampliacións que, tal e como deixan ver algúns casos actuais (non só o da Manada, aínda que este fose o máis popularizado), son aínda insuficientes por permitir a permanencia de condutas e sentenzas machistas que implicaron ao longo do último ano a necesaria revisión da tipificación dos delitos sexuais.

Moitas delas gardan similitudes con aquelas acontecidas hai xa máis de corenta anos, que me gustaría lembrar facendo unha pequena recompilación dos casos máis soados nos anos dunha Transición menos *modélica* do que se quixo facer crer mediante o relato oficial.

Gran parte dos mesmos están recollidos nas memorias de Cristina Alberdi, primeira muller no Consello Xeral de Poder Xudicial e Ministra de Asuntos Sociais na última lexislatura de Felipe González. Alberdi publica as súas memorias no ano 2001, nunha sorte de desencanto que se antolla algo tardío; un pouco ao estilo *mee too*. Aínda así, a crítica que fai do aparello xudicial daqueles anos dá para reflexionar:

Fueron muchos los casos de jueces que llegaron a la mesa del consejo por sentencias en las que se vertían consideraciones vejatorias para las mujeres. Uno de los más famosos fue el de la «minifalda». Un empresario de Lérida fue multado por abusos deshonestos a una trabajadora. El juez [...] dijo para explicar una pena tan leve que «la víctima, al parecer ataviada con una prenda corta, pudo provocar, si acaso inocentemente, al empresario». Se alzaron muchas voces pidiendo un escarmiento contra el magistrado. No tuvimos éxito [...]. Otra sentencia, esta vez de la Audiencia Provincial de Pontevedra, absolvió a dos acusados de violación, argumentando que la víctima «llevaba una vida licenciosa y desordenada, como revela que careciese de domicilio fijo y se encontrase sola en una discoteca a altas horas de la madrugada». Y añadían, que fue lo que más escándalo suscitó, que «al prestarse a viajar en coche con dos desconocidos se situaba en disposición de ser usada sexualmente en horas de la noche y en lugar solitario». En el pleno del Consejo se llegó a debatir la posibilidad de presentar una acusación de prevaricación contra los magistrados [...]. Finalmente, en aras de la exquisita prudencia con la que casi siempre actúa el Consejo en relación con los jueces —hagan lo que hagan— se desechó la idea (Alberdi, C., 2001:63).

Estas declaracións, supostamente tan valentes, eran xa divulgadas desde a prensa feminista no momento en que acontecían (especialmente dende o feminismo máis afastado das institucións). En espazos como o desta propia revista, déuselle voz a casos similares que noutros lugares se silenciaban, especialmente se comprometían ás elites de poder (un silencio tacitamente pactado que non deixa de ser outra evidencia da institucionalización da violencia).

Poñamos por caso as denuncias feitas ao director da TVG, Xosé Luís Blanco



**Orantes foi asasinada polo seu exmarido en plena rúa tras acudir a un programa de televisión no que denunciaba a violencia sufrida durante os anos de matrimonio. As decisións institucionais arredor deste caso abriron un debate público que se considerou espita na loita por unha lexislación que protexese á muller en materia de violencia (Montalbán, 2016)**

Campaña, en maio de 1986 por acoso sexual ás traballadoras, o caso da tortura por parte da Garda Civil de Sada, en xaneiro de 1985, a unha muller que acudía á comisaría para poñer unha denuncia por violencia doméstica, a violación dunha rapaza no Depósito Municipal de Compostela, en 1982 (cunha sentenza para os policías que nin sequeira chegou a cumprirse), ou os nutridos testemuños de mulleres presas que evidencian o uso de torturas con carácter específico de xénero, como a violación ou a obrigatoriedade de realizar actos vexatorios (adopción de determinadas posturas, introdución de tampóns usados na boca, emprego de insultos como *puta*, etc.) evidentemente carentes de repercusión.

A mesma impunidade acompañou a tantos outros episodios de violación que o Corpo Xudicial deixou de considerar como tal ante a suposta ausencia de *forza e ameazas*.

Tamén o Colectivo de Mulleres Avogadas se quixo unir nalgunha ocasión

á visibilidade destes casos. Á altura de 1987, no encontro que celebraron en Barcelona, trataron temas como a total impunidade nos casos de violación conxugal, a existencia de trato privilexiado para os encadeados por violación, o seguimento de diferentes criterios na valoración das probas ou a gran cantidade de abusos e agresións existentes dentro do ámbito laboral que deixaban de denunciarse por medo á perda de emprego.

Os baleiros existentes na lexislación permitiron o amparo do Corpo Xudicial para o ditame de sentenzas que están lonxe de poder considerarse igualitarias, nunha realidade que se toca, ás veces, co noso presente.

Estes exemplos chaman a atención por ser especialmente cruentos, mais a institucionalización da violencia de xénero manifestábase a todos os niveis. Tamén na ausencia de políticas públicas realmente eficaces, consideradas desde o feminismo independente como meras estratexias de *márketing* orientadas a conseguir o voto feminino, con fonda inoperancia na práctica en vistas á falta de infraestruturas, financiamento e competencias.

Por exemplo, o número de casas de acollida é especialmente baixo. Aquí en Galiza, a finais da década dos oitenta existía unicamente unha, con tan só 15 prazas. Algo semellante acontecía cos centros de orientación para mulleres: as zonas rurais estaban fondamente esquecidas. A memoria oral deixa boa constancia disto.

Respecto dos Centros de Orientación Sexual, evidentemente non desfrutamos da súa asistencia in situ, xa que tamén nese caso teríamos que nos desprazar á urbe máis próxima. É aí onde está o problema: nos desprazamentos [...]. Relacionado con isto eu aponto unha problemática que para min ten visos de misterio. Refírome á asistencia social. Aquí seica hai unha asistente social, pero non se saben nen os días nen as horas nas que atende, e por non saber non sabemos nen quen é. O gracioso do asunto é que teño ouvido que ela se ten queixado da falta de clientela. Como ves, unha absoluta desorganización (testemuño de Araceli, en revista *Area*, núm. 2, 1987).

Tamén a torpeza da lei do Divorcio facía os trámites custosos e duradeiros, o que provocaba a desprotección dun alto número de mulleres vítimas de violencia dentro do fogar. Segundo apuntaba a Coordinadora Feminista Galega alá polo 1987, das 98 mulleres asasinadas nese ano, moitas delas estaban en trámite de separación. Estes datos, feitos públicos dende as asociacións feministas, foron obviados en innumerables ocasións. O silencio e o desinterese repetíronse como un mantra. Unha e outra vez. Ata que acontece algo, unha historia que se mediatiza, que cala nas mentalidades e esperta a rabia colectiva. Esta historia foi, naqueles albores dos noventa, a de Ana Orantes.

Orantes foi asasinada polo seu exmarido en plena rúa tras acudir a un programa de televisión no que denunciaba a violencia sufrida durante os anos de matrimonio. As decisións institucionais arredor deste caso abriron un debate público que se considerou espita na loita por unha lexislación que protexese á muller en materia de violencia (Montalbán, 2016).

Destes casos que se popularizan e conseguen poñer contra as cordas a estrutura do sistema hai máis; as nenas de Alcácer no seu momento, a Manada ou Juana Rivas na actualidade. Pero tras eles suman outros: en febreiro deste ano, a Audiencia Provincial de Guadalajara condenaba a cinco anos por abusos sexuais a un home que violou a unha rapaza en estado de embriaguez. Nese mesmo mes, a Audiencia Provincial da Coruña, ditaba sentenza similar considerando abuso a violación a unha rapaza de 18 anos en estado «case comatoso». En Valencia, tres homes foron condenados a nove anos de prisión por «abusos sexuais» a unha muller que se atopaba baixo o efecto das drogas. En maio, o Tribunal Superior de Xustiza de Asturias considerou a violencia empregada sobre unha muller violada como «de intensidade insuficiente para integrar a agresión sexual». En abril acontece algo semellante no Tribunal Superior de Xustiza de Navarra, cuxo

caso dunha muller violada en Alsasua tivo que ser revisado polo Supremo. Dous anos atrás, en setembro de 2017, o violador dunha nena de 5 anos foi condenado a tres anos e nove meses de prisión. Os maxistrados descartaron a agresión sexual en base a que «no se ha probado que la menor opusiera resistencia física o protestara».

Neste sentido, non quero poñer tanto o foco na sentenza en si mesma, nos anos de condena (iso dá para outro artigo tanto ou máis amplo que este), senón na valoración destes actos por parte dun Corpo Xudicial que, á vista está, segue a *perpetrar* comentarios vexa-

torios, improcedentes e machistas. Na impermeabilidade da que gozan este tipo de condutas. Na ausencia total de perspectiva de xénero... Lembremos que, a causa contra aquela xuíza que fai tres anos preguntaba a unha denunciante de violación se «pechara ben as pernas», foi arquivada un ano despois.

Que acontecerá cos xuíces da Manada? A tónica sempre é a mesma: unha historia que se repite na medida en que non se ataca directamente ao poder. Se o sistema se constrúe sobre o machismo, esta será a súa base. ■

**Unha historia que se repite na medida en que non se ataca directamente ao poder. Se o sistema se constrúe sobre o machismo, esta será a súa base**



Manifestación contra as agresións machistas. Barcelona, 1976.

Fonte: [https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/yo-tambien-soy-adultera-los-rostros-de-las-mujeres-que-lideraron-el-nacimiento-de-la-lucha-feminista-en-espana\\_201803055a9d59580cf2d9edd378ca89.html](https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/yo-tambien-soy-adultera-los-rostros-de-las-mujeres-que-lideraron-el-nacimiento-de-la-lucha-feminista-en-espana_201803055a9d59580cf2d9edd378ca89.html)

#### Bibliografía:

ALBERDI, C.: *El poder es cosa de hombres: Memorias Políticas*, Madrid, La Esfera de los Libros, 2001.

BERNAL, A.: «La violencia institucional, la gran impune en la violencia de género», *Público* (2018). Recuperado de <https://www.publico.es/sociedad/feminismo-violencia-institucional-gran-impune-violencia-genero.html>.

MCADAM, D., J. MCCARTHY, e M. ZALD: *Movimientos sociales: Perspectivas comparadas*, tr. Sandra Chaparro, Madrid, Itsmo, 1999 (obra orixinal publicada en 1996).

MONTALBÁN, I.: «Malos tratos, violencia doméstica y violencia de género desde el punto de vista jurídico», *Revista electrónica de ciencia penal y criminología* (2016), 8, 1-14.

«Otras polémicas sentencias tras 'La Manada' donde los agresores no fueron condenados por violación». Recuperado de <https://www.20minutos.es/noticia/3678580/0/polemicas-sentencias-tras-manada-agresores-tampoco-fueron-condenados-violacion-violencia-intimidacion/>.

# Contra o feminismo punitivo:

## Ferramentas para destruír a casa do amo

LAURA MACAYA ANDRÉS\*

**A violencia sexual está sendo instrumentada para xustificar doses cada vez máis altas de punitividade penal e é por iso que o feminismo ten a responsabilidade de pensar estratexias políticas que non alimenten os sistemas de represión e castigo.**

Cando aquel home pechou o ferrollo da habitación vin claro que a súa intención non era invitarme a unha raia, senón follar comigo, con ou sen o meu consentimento. Cando tentei resistirme el agredíume fisicamente, violencia que empeoraba cando eu máis insistía nesa resistencia. Nun momento dado, que

supoño foron dous ou tres minutos, e lembro como dúas horas, puxen en marcha o mecanismo de negociación implícita, un mecanismo frecuente nos contextos de violación. O *mecanismo de negociación* supón abandonar a resistencia, supón unha certa *aceptación* do sexo non consentido para evitar males maiores, sexan estes reais ou imaxinarios, e demostra que, incluso nese contexto, pódense realizar valoracións racionais de custes e beneficios.

Este mecanismo é un dos eixes do estigma e a vergoña das mulleres que fomos violadas ou agredidas sexualmente. Como di Inés Hercovich, este mecanismo de negociación implica un uso utilitario ou instrumental da vagina por parte das mulleres, ceder a vagina para evitar a morte ou o dano físico maior. Nun contexto no que a construción da identidade feminina estivo baseada na sacralización da vagina e da sexualidade das mulleres, o uso utilitario da mesma supón un in-

---

\* Activista anarcofeminista, experta en violencias de xénero, directora de Sirga: recurso de acollida, recuperación e empoderamento en situacións de violencias machista cun modelo de atención feminista, en Fundació Surt. Membro do Projecte X, autora do libro *Esposas nefastas y otras aberraciones* e coautora de *Putas e insumisas*.



cumprimento das normas de xénero. O carácter utilitario que algunhas mulleres, en contextos de violación, outorgamos á vaxina contradí os recorrentes mitos en torno á muller que se resiste ata a morte, mitos que teñen alimentado a idea de que para as mulleres a violación é o peor que pode sucedernos.

A repercusión mediática do caso da violación de La Manada fixo emerxer infinidade de voces expertas, psicólogas, xuristas, traballadoras sociais ou activistas feministas que deron atopado espazos onde o seu discurso tivo un alcance inhóspito. Pero, lamentablemente, algúns destes discursos pretendidamente críticos e feministas están afondando nos clásicos significados da violencia sexual e a sexualidade das mulleres e están aportando abordaxes que reforzan un sistema baseado no castigo e a punitividade.

Desta forma, tense feito referencia aos mecanismos psíquicos que producen a paralización como unha reacción do sistema nervioso ante situacións de violencia sexual, eliminando o compoñente instrumental, tan estigmatizado por outra parte nas mulleres segundo os significados patriarcais. Téñense destacado voces de vítimas que manteñen relatos catastrofistas respecto á recuperación da violencia sexual. Téñense visto mostras de rexeitamento que, avaladas por sentimentos de rabia e enfado, xustificaron o escarnio público dunha persoa condenada por violación tras cumprir vinte anos de prisión o mesmo día da súa posta en liberdade. Pois ben, eu tamén estou enfadada, pero principalmente contra as institucións e estruturas que sosteñen o sistema heteropatriarcal causante das violencias, entre as que, non esquezamos, atópase o cárcere e o sistema punitivo.

De feito, o que a experiencia da violencia me fixo entender é que o que me sucedera tiña que ver cun modo de organización social, económica e simbólica heteropatriarcal e capitalista e a partir dese momento centrei gran parte da miña vida en loitar contra el. Para

isto o feminismo foi crucial. O feminismo aportoume ideas, interpretacións e contextos que me abrían espazos de liberdade nos que cabía a miña forma de existencia excesivamente feminina e sexualizada, así como a miña forma de interpretar e encarar a violencia que vivira.

Pero ese feminismo, sinto dicilo, non se corresponde con algúns dos feminismos que estou vendo nestes últimos tempos. O feminismo que logrou maior eco mediático é aquel que pon en primeiro lugar a seguridade que lle poida aportar o acordo cun Estado punitivo e patriarcal ou a constrición da sexualidade e o pracer por consideralos fontes de perigo nun contexto de desigualdade. En cambio, o feminismo que me fixo ser a persoa que son agora e que creo que é urxente rescatar é aquel que prioriza a liberdade e o pracer das mulleres e que non se dobrega ás normas patriarcais do chamado pacto social.

Neta tarefa de rescate propoño me apuntar dúas ideas que subxacen a algúns discursos feministas que, pretendendo ser críticos coas sentenzas patriarcais e a cultura da violación, acaban reforzando mitos e estruturas pouco favorables para a liberdade das mulleres: o vitimismo e a resolución punitiva da problemática da violencia sexual.

### **Non creo nas vítimas, as vítimas son a parodia da sociedade (Manuela Trasobares)**

A violencia sexual acostuma xerar silencio. Produce vergoña falar sobre o que nos sucedeu porque os significados construídos en torno ás violacións obrigan ás vítimas a situarse en dous únicos polos: ou es unha puta e por iso te violaron; ou es a supervivente case heroica dun acto atroz. Persoalmente non me sinto a gusto en ningunha das dúas opcións e, en todo caso, prefiro identificarme como puta e traballar pola resignificación.

Non vale para ningún titular dicir que despois desta experiencia non desexi morrer nin danarme a min mesma nin encerrarme en casa. De feito,

durante algún tempo quixen seguir divertíndome da forma na que o facía entón. Non quero dicir con isto que estas experiencias non me afectasen de ningún modo, por suposto que o fixeron, pero por fortuna tiña moi boas amigas e intuitivamente tomei decisións que me axudaron a relativizar os efectos desa violencia e a elaborar estratexias de resistencia individual e política.

Esta forma de interpretar a experiencia da violación non é apta para discursos grandilocuentes porque parece que non axuda a mostrar o tremendamente desestabilizantes que son estas experiencias para as mulleres, elemento central das posturas que reclama un feminismo baseado en loitar contra as violencias e aqueles que as perpetran, en lugar de loitar contra o sistema de poder que fai posible a existencia de ambos.

Penso firmemente que os efectos da violencia sexual dependen moito dos significados que outorguemos á sexualidade e ao corpo feminino e da creación destes significados encargouse, con notoria eficacia, o sistema heteropatriarcal e as súas normativas de xénero. A normativa hexemónica de xénero da femineidade supón que as mulleres somos seres cunha emocionalidade fráxil e unha sexualidade sagrada que só se entrega en contextos de seguridade e afecto.

Estas ideas constrúen un imaxinario moi prexudicial para as mulleres, xa que nos di que os ataques á nosa sexualidade, tan frecuentes por outra parte, deben ter repercusións gravísimas e patolóxicas na nosa psique. Desvelar que a violación é un feito violento e emocionalmente doloroso, pero non en todos os casos desestabilizante de por vida nin causante de males crónicos, contradí esta idea patriarcal e axuda a pensar noutros escenarios nos que a violación non sexa o mal temido que nos priva de explorar con liberdade a nosa propia forma de existencia, de gozar libremente e de divertirnos. Con isto non quero dicir que haxa que empurrar ás mulleres



mozas e ás nenas a divertirse inconscientemente e sen preocupacións. Pero creo que é moito máis fácil falarlles sobre a violación se non partimos da base de que isto é o peor que pode pasarlles, porque lamentablemente esta perspectiva só alimenta o medo e a indefensión.

Pero ademais, posto que o xénero é unha categoría relacional, a sacralización da sexualidade feminina ten como contrapartida a concepción da sexualidade masculina como intrinsecamente violenta e irrefreable que ademais, *acéndese* por culpa das mulleres, sobre todo das *malas* mulleres. Desmontar a pureza da sexualidade feminina, supón desmontar a idea da intrínseca violencia sexual masculina. Entender que tanto a normativa hexemónica en canto á sexualidade feminina, como en canto á sexualidade masculina, son produtos culturais derivados dunha construción de xénero binaria, sexista e heteronormativa apórtanos unha visión que enfoca mellor e máis eficazmente as nosas loitas. Se non partimos desta idea será fácil que derivemos cara a posturas individualizantes que sitúan á categoría do home e aos homes en particular baixo sospeita permanente, situándoos

**A violencia sexual foi frecuentemente instrumentalizada coa finalidade de xustificar medidas legislativas de corte punitivo e sancionador. As recentes reformas do Código Penal español, principalmente as de 2010 e 2015, caracterizáronse por endurecer as penas e as medidas penitenciarias dun Código Penal que xa antes destas reformas era o máis duro de Europa, como ben destacaran incluso os lexisladores que as levaron a cabo**

como inimigos e, por tanto, favorecendo perspectivas punitivas e castigadoras.

#### **Purplewashing? Non no noso nome**

A violencia sexual foi frecuentemente instrumentalizada coa finalidade de xustificar medidas legislativas de corte punitivo e sancionador. As recentes reformas do Código Penal español, principalmente as de 2010 e 2015, caracterizáronse por endurecer as penas e as medidas penitenciarias dun Código Penal que xa antes destas reformas era *o máis duro de Europa*, como ben destacaran incluso os lexisladores que as levaron a cabo. A violencia de xénero e especialmente a violencia sexual serviu para xustificar estas modificacións, entre as que se atopan a aplicación automática da liberdade vixiada unha vez cumprida a condena, recaída en sentenza por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual ou a cadea perpetua revisable nos casos de asasinato nos que previamente se teña cometido tamén un delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Estas non foron as únicas medidas, nin o seu único ámbito de aplicación, pero si que son as que foron instrumen-





tadas para mostrar unha cara máis amable destas reformas ao favorecer a visión interesada da protección da cidadanía e especialmente daquela parte da mesma que historicamente foi construída como máis vulnerable, as mulleres e xs nenxs.

Mentres a violencia sexual era utilizada para xustificar formas de penalidade e figuras penais cada vez máis represivas, nese mesmo Código Penal ampliábanse as condutas que podían ser constitutivas de delitos vinculados ao terrorismo, cos fatais efectos que isto está tendo de cara aos e ás activistas, militantes e persoas comprometidas politicamente. Por non falar dos efectos racistas e clasistas desta nova conceptualización do que se considera terrorismo.

O sistema penal e as súas prisións son unha das principais estratexias de represión contra todas aquelas persoas máis pobres, vulnerables e transgresoras da sociedade. As normativas punitivas aplícanse de forma desigual en base aos criterios clasistas, racistas, sexistas e lgbifóbicos dos modelos de distribución xerárquica do sistema capitalista. Pero, ademais, os cárceres e o

**O sistema penal e as súas prisións son unha das principais estratexias de represión contra todas aquelas persoas máis pobres, vulnerables e transgresoras da sociedade**

sistema penal son á súa vez perpetradores de violencias de xénero, como ben demostra a punitividade e as violencias que sofren as traballadoras do sexo, as mulleres trans, as mulleres migradas ou as mulleres disidentes políticas por parte dos corpos policiais e os organismos xudiciais. Cabe ter en conta que estas mesmas mulleres poden ser á súa vez vítimas destas violencias para as que buscamos solucións punitivas e a responsabilidade política

debería previrnos de reforzar as institucións que xeran máis sufrimento cara ás mesmas.

Creo que o feminismo é unha grande estratexia de transformación e é por iso que comparto con Angela Davis a pregunta de «Cánto de transformador hai en mandar a alguén que cometeu violencia de xénero ao cárcere?». Temos a oportunidade de romper a baralla desta nova negociación das leis sexuais na cal a interlocución dáse prioritariamente cun feminismo puritano e castigador. As ferramentas propias da disidencia teñen sido silenciadas porque a violencia sexual foi presentada como un problema de máxima urxencia que require dun posibilismo extremo. A solidariedade, a complicidade con outras persoas que loitan, a responsabilidade colectiva no cambio e na protección das vítimas e a creación de espazos onde construír relacións á marxe do heteropatriarcado e o capitalismo son estratexias que teñen sido aparcadas en nome da urxencia e marcadas interesadamente como ineficaces no curto prazo. Recuperalas é cousa das e dos idealistas. Que senón iso somos nosotras? ■



# Feminismo punitivista

SHEILA FERNÁNDEZ MÍGUEZ<sup>1</sup>

## Resumo:

O presente artigo busca aproximarse á orixe, significado, discurso e consecuencias do «feminismo punitivista». O «feminismo punitivista» xorde no contexto occidental ligado ao «feminismo liberal» que subscribe a lóxica da «penalidade neoliberal», porén, é unha categoría acuñada polo pensamento feminista antipunitivo ou pospunitivo,

polo tanto non temos feministas que se auto denominen elas mesmas como punitivistas. Metodoloxicamente empregamos a interseccionalidade e a teoría decolonial, e co fin de evitar un texto escrito unicamente dende o pensamento occidental, acódesse á bibliografía latinoamericana. O artigo conclúe con algunhas ideas para avanzar no «feminismo pospunitivo».

## Palabras chave:

Feminismo punitivista, feminismo pospunitivista, feminismo antipunitivista, feminismo decolonial, criminoloxía feminista, poder punitivo.

## Contido:

I. Introducción; II. A que se refire a literatura especializada con feminismo punitivista; 1. Feminismo punitivista en Norte América; 2. Feminismo punitivista dende América Latina; 3. Feminismo pospunitivista.

---

<sup>1</sup> Investigadora posdoutoral na Equipa de Investigación Criminalidade, Psicoloxía Xurídica e Xustiza Penal no século XXI (ECRIM) da Universidade da Coruña e do Instituto de Investigación en Dereito da Universidade Autónoma de Chile. Traballo realizado ao abeiro do proxecto «Axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas das universidades do sistema universitario de Galicia. Código de financiación ws431-x 2019/18». E forma parte da estancia de investigación posdoutoral realizada no Max Planck Institute for Foreign and International Criminal Law en Friburgo.

## I. Introducción

Este artigo é froito do *networking feminista*, concepto que de xeito satírico emprego para denominar a «rede de contactos feministas» e de sororidade inherente ao feminismo. En concreto o contacto que deu orixe ao artigo produciuse no contexto do IV Feminario, organizado polo Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade da Coruña, cando despois da presentación da miña comunicación sobre as consecuencias das leis que sancionan a violencia machista son aplicadas a mulleres indíxenas mapuche, Nanina Santos veu falar comigo e solicitoume un texto sobre «feminismo punitivista» para a revista *Andaina*, feito que a min, feminista galega e xove investigadora, fíxome unha fonda ilusión.

A continuación, por tanto, atopáredes un texto que vai guiado pola seguinte pregunta: *que é o feminismo punitivista?* O obxectivo do presente artigo é dar resposta a esta pregunta, mais esta resposta como veredes non é unha afirmación fechada, senón que repasaremos a opinións de diferentes autoras e autores ao respecto. Ademais, para comprender en profundidade a dimen-

**En concreto, o concepto en castelán é empregado xa por diferentes autoras e autores, mais é no traballo da arxentina Agustina Iglesias Skulj, quen foi investigadora na Universidade da Coruña, onde atopamos unha clara referencia á orixe do termo. A autora usa o concepto de «feminismo punitivista» como unha tradución ao castelán do termo inglés *carceral feminism***

sión do «feminismo punitivista» entraremos brevemente nalgúns termos e ideas sobre a penalidade.

A metodoloxía que seguirei é unha revisión bibliográfica, escollida segundo os seguintes criterios: interdisciplinariedade,<sup>2</sup> interseccionalidade, coñecemento situado<sup>3</sup> e a fuxida do eurocentrismo,<sup>4</sup> empregando traballos producidos tanto no hemisferio norte como no sur.

Convídivos, por tanto, a buscar unha posición cómoda e desfrutar dun dos temas máis apaixonantes nos feminismos, onde o debate está vivo, e parece que seguirá enriquecéndose nos vindeiros anos.

## II. A que se refire a literatura especializada con feminismo punitivista?

O concepto de «feminismo punitivista» é de recente cuño, de feito na literatura en galego normativo eu non achei ningún texto, si en castelán e en portugués, que fixese uso expreso deste termo. En concreto, o concepto en castelán é empregado xa por diferentes autoras e autores, mais é no traballo da arxentina Agustina Iglesias Skulj,<sup>5</sup> quen

<sup>2</sup> Kimberlé Williams Crenshaw é unha feminista, negra, dos Estados Unidos de América, profesora na Facultade de Dereito de UCLA e na Facultade de Dereito de Columbia. As súas liñas de investigación son xénero e raza, é a autora do concepto de interseccionalidade. Véxase Crenshaw, K. (1989): *Demarginalizing the Intersection of Race and Sex: A Black Feminist Critique of Antidiscriminatory Doctrine, Feminist Theory and Antiracist Politics*, University of Chicago Legal Forum, 139-167.

<sup>3</sup> A categoría de *coñecemento situado* está amplamente tratada na doutrina, e en concreto neste artigo teño en conta o traballo das seguintes autoras: Donna Haraway, aínda que se formou en bioloxía, na actualidade é filósofa feminista, neomarxista e posmoderna, branca, dos Estados Unidos de América, Haraway, D. (1995): *Ciencia, cyborgs y mujeres: La reivención de la naturaleza*, Madrid, Cátedra; Alejandra Araiza Díaz é unha investigadora mexicana que traballa

na Universidade Autónoma do Estado de Hidalgo, no Instituto de Ciencias Sociais e Humanidades, a súa liña de investigación é o xénero e a epistemoloxía feminista, Araiza Díaz, A. (2012): «De la política de la localización a los conocimientos situados. Notas para la creación de una ciencia feminista», en M. Liévano, & M. Duque: *Subjetivización femenina: Investigación, estrategias y dispositivos críticos* (páx. 165-192), Monterrey, Ediciones UANL, colección Tendencias; e Norma Blázquez Graf é unha filósofa feminista, branca e mexicana que traballa como investigadora no Centro de Investigacións Interdisciplinarias en Ciencias e Humanidades (CENICH) da Universidade Autónoma de México, Blázquez Graf, N. (2010): «Epistemología feminista: temas centrales», en N. Blázquez Graf, F. Flores Palacios, & M. Ríos Everardo: *Investigación feminista: Epistemología, metodología y representaciones sociales* (págs. 21-38), México, Universidade Nacional Autónoma de México.

<sup>4</sup> A fuxida do eurocentrismo segue especialmente as liñas que promoven: María Lugones, filósofa feminista, de orixe arxentina e branca que traballa na Universidade de Nova York, as súas liñas de investigación son: xénero, colonialidade, estudos críticos, sistema de xénero binario entre outros, Lugones, M. (setembro-décembro de 2014): «Rumbo a um feminismo descolonial», *Revista Estudos Feministas*, 22 (3), 935-952; e a investigadora feminista, descolonial, de orixe afrodominicano, discípula de María Lugones, Yuderlys Espinosa-Miñoso, Espinosa-Miñoso, Y. (2014): «Una crítica descolonial a la epistemología feminista crítica», *El Cotidiano*, 29 (187), 6-12.

<sup>5</sup> Cfr. Iglesias Skulj, A. (diciembre de 2017): «¿Cómo hacerse la sueca?: Criminalización de la demanda de servicios sexuales: La gobernanza de la trata sexual en tiempos de feminismo punitivista», *Kula: Antropólogos del Atlántico Sur* (17), p. 16.

foi investigadora na Universidade da Coruña, onde atopamos unha clara referencia á orixe do termo. A autora usa o concepto de «feminismo punitivista» como unha tradución ao castelán do termo inglés *carceral feminism*. Tradución que compartimos e por tanto subscribimos ao longo deste traballo.

Para comprender que é o «feminismo punitivista», é importante que coñecemos varios conceptos que son sustento deste feminismo. En primeiro lugar que é o «punitivismo» ou o «clima punitivista»? , como denomina Jorge Vicente Paladines,<sup>6</sup> para referirse ao fenómeno que consiste en incrementar o número de accións que pasan a ser tipos penais, isto é delitos, aumentando, por tanto, o número de condutas que son perseguíbeis pola vía penal. Na actualidade fálase tamén de punitivismo antidroga, fiscal, patrimonial, cultural, do medio ambiente, e tamén de xénero (Paladines, 2013). E en segundo lugar, que é a «penalidade»? , seguindo a Sune Sandbeck,<sup>7</sup> é a parte integral dun conxunto máis amplo de tecnoloxías de poder que buscan o regulamento biopolítico do corpo-especie, en lugar da mera disciplina individual, polo tanto, a penalidade é un elemento fundamental do biopoder neoliberal. Dentro desta lóxica, a «punitividade» é un elemento máis que forma parte do amplo aparato e tecnoloxías empregadas en

**[...] como sinala Raúl Eugenio Zaffaroni, aínda que muda a súa pel, as características do poder punitivo son as mesmas dende hai máis ou menos oitocentos anos: un saber manipulado por indagación a efectos de dominio e coa conseguinte xerarquización patriarcal, señorial e corporativa da sociedade**

condicións neoliberais de acumulacións capitalistas (Sandbeck, 2012). Debemos ter en conta que o «poder punitivo» non é algo que sempre teña existido, senón que aparece e desaparece en determinadas épocas e contextos históricos. Porén, como sinala Raúl Eugenio Zaffaroni, aínda que muda a súa pel, as características do poder punitivo son as mesmas dende hai máis ou menos oitocentos anos: un saber manipulado por indagación a efectos de dominio e coa conseguinte xerarquización patriarcal, señorial e corporativa da sociedade.<sup>8</sup> Esta lóxica do poder punitivo —é

incorporada e asumida por amplos sectores de mulleres— fai parte de algo máis grande que Janet Halley<sup>9</sup> denomina «gobernanza feminista», para referirse a un feminismo maduro, profesionalizado e experto en exercer o poder polo ben das mulleres a nivel mundial; dentro desta «gobernanza feminista» podemos situar o «feminismo punitivista» (Halley, 2008). Mais non é unicamente un sector do feminismo o que contribúe á expansión do Dereito Penal, pola contra, como sinala Máira Cristina Corrêa Fernandes, existe nestas reclamas unha participación significativa tamén de diversos movementos de esquerdas e de dereitos humanos que teñen contribuído á expansión do poder punitivo e da represión estatal, globalmente rexistrado xa dende as últimas décadas do século xx (Corrêa Fernandes, 2015).<sup>10</sup>

### 1. Feminismo punitivista en Norte América

Na literatura anglófona, Sune Sandbeck (Sandbeck, 2012) analiza o «feminismo punitivista», tomando como base especialmente o traballo de Elizabeth Bernstein<sup>11</sup> e Janet Halley. Sandbeck, á pregunta que abre este artigo, *Que é o «feminismo punitivista»?*, responde o seguinte: *non hai unha corrente feminista que se autodenomine «feminismo punitivista», esta categoría é acuñada dende as*

<sup>6</sup> Jorge Vicente Paladines é profesor de Criminoloxía e Política Criminal na Universidade Andina Simón Bolívar e asesor da Defensoría Pública do Ecuador. Paladines, J. (setembro, 2013): «Feminismo punitivo, cuando el género se redujo al castigo», *Defensa y Justicia: Revista Institucional de la Defensoría Penal Pública de Ecuador*. Obtido de <http://www.pensamientopenal.com.ar/system/files/2014/12/doctrina40015.pdf>

<sup>7</sup> Sune Sandbeck é profesora no departamento de Ciencia Política na York University, en Toronto (Canadá). Sandbeck, S. (2012): *Towards an Understanding of Carceral Feminism as Neoliberal Biopower*, Annual Conference of the Canadian Political Science Association (páx. 1-8), University of Alberta. Obtido de <https://cpsa-acsp.ca/papers-2012/Sandbeck.pdf>

<sup>8</sup> Eugenio Raúl Zaffaroni é un criminólogo arxentino, branco, investigador e profesor en diferentes universidades e, ademais, ocupou cargos de xuíz, xurista, xurisconsulto tanto en Arxentina como en instancias internacionais. Dende 2016 forma parte da Corte Interamericana de Dereitos Humanos. Zaffaroni, E. (2000): «El discurso feminista y el poder punitivo», en H. Birgin: *Las trampas del poder punitivo* (páx. 19-30), Buenos Aires, Biblos.

<sup>9</sup> Janet Halley (estadounidense, branca) é Royal Professor of Law na Harvard University, onde, entre outras áreas de coñecemento, encárgase de Teoría Feminista. Halley, J. (2008): «Rape in Berlin: Reconsidering the Criminalisation of Rape in the International Law of Armed Conflict», *Melbourne Journal of International Law*, 9, 78-124.

<sup>10</sup> Máira Cristina Corrêa Fernandes é doutoranda no programa de Pós-Graduado en Dereito da Universidade Federal de Minas Gerais e participa na liña de pesquisa «História, poder e liberdade». Corrêa Fernandes, Máira Cristina: «A tutela penal patriarcal: por que a criminalización do feminicidio nao é uma conquista para o feminismo?», *Trasgressões: Ciências criminais em debate* 3, nº 1 (maio 2015): 131-149.

<sup>11</sup> Elizabeth Bernstein (estadounidense, branca) é profesora de Estudos da Muller e Socioloxía na Bernard College da Columbia University.



posicións críticas coa lóxica penal aplicada á xustiza de xénero, isto é, dende o «feminismo anti ou punitivista». Mais tendo isto en conta, o termo designa aquelas variedades da teoría e práctica feminista que buscan abordar os problemas das mulleres mediante os medios xurídicos e a ameaza de encarceramento. Dentro deste discurso o encarceramento preséntase como unha ferramenta para lograr a xustiza e liberar as vítimas. Polo tanto, o «feminismo punitivista» pon o foco nos aparatos represivos do Estado para alterar ou eliminar a conduta que prexudica desproporcionadamente os intereses das mulleres, co fin de asegurar a inviolabilidade dun certo conxunto de liberdades negativas que se consideran fundamentais para a soberanía da persoa. Diferenza aquí a autora esta corrente doutra que denomina «proxecto feminista de xustiza social», que non renuncia á penalidade, aínda que se centra na expansión dos dereitos das mulleres e nas nosas liberdades positivas. Outra pregunta a que autora responde é: *quen defende este discurso?* Sandbeck afirma que o «feminismo punitivista» é defendido por un perfil concreto de mulleres, as mulleres evanxélicas cristiás e políticas neoconservadoras, que teñen en común ser de orixe branca e de clase media. O traballo de Sandbeck tamén nos permite saber que tipo de feminismo é o «femi-

<sup>12</sup> A «lóxica neoliberal da penalidade», o concepto fai referencia a que na actualidade os espazos de represión xa non son unicamente as prisións, senón as subxectividades, estamos disciplinadas baixo sistemas de dominio máis amplos, como son a vixilancia, a liberdade condicional, o arresto domiciliario, etc., LeBaron e Roberts (2010) en Sandbeck (2012). Esta lóxica da penalidade neoliberal remata por se converter no lugar principal de produción social dentro do neoliberalismo (Sandbeck, 2012).



nismo punitivista». Para a autora trátase dunha corrente que forma parte do «feminismo liberal» e aposta pola «lóxica penal da neoliberalidade»,<sup>12</sup> que coloca no primeiro plano a soberanía e a responsabilidade individual, e postula unha subxectividade feminizada idealizada que é branca, heterosexual, de clase media e monógama, contra a cal o resto de corpos femininos son considerados como criminalmente aberrantes. Dentro deste contexto, a axenda legal que promove o «feminismo punitivista», enfócase no abolicionismo, nos delitos sexuais, na violencia sobre a muller en contexto de parella, no tráfico de persoas e especialmente a trata de mulleres con fins sexuais (definida como unha forma de escravitude), na mellora da tipificación dos delitos —especialmente de violencia sexual— tanto na esfera estatal como internacional. Sandbeck recolle diferentes consecuencias destas tácticas feministas punitivistas: por un lado, nos Estados Unidos, o compromiso coa punitividade como táctica lexitima para abolir a escravitude inherente ao tráfico sexual ten como efecto real que un gran número de mu-

lleres e homes racializados entren no cárcere; por outro lado, este enfoque punitivo tamén xoga en detrimento das denominadas vítimas da violencia sexual, xa que esta abordaxe céntrase no represivo e omite importantes consideracións contextuais que son particularmente graves para as mulleres, cuxas experiencias de vida tenden a ser diferentes do suxeito idealizado e legal en nome do que opera o feminismo punitivista (Sandbeck, 2012).

## 2. Feminismo punitivista dende América Latina

A «gobernanza feminista», está exercida principalmente polas mulleres privilexiadas do norte ou países centrais, ou que responden a unha cultura occidental. Esta «gobernanza feminista» ten diversos resultados para a vida das mulleres dos países do sur, unha delas é que imponen axendas de dereitos, que teñen como suxeito legal, a muller branca, urbana, clase media, heterosexual e monógama. Estas axendas incorporan discursos ideolóxicos e reformas legais en materia de xustiza e criminalidade que son asumidos polos países do sur

sen unha análise crítica, nin un estudo sobre as súas consecuencias (Carrington, Hogg, Sozzo 2016).<sup>13</sup> Este fenómeno, de copiar o que se produce no norte, desvalorizando o traballo académico e a experiencia local denomínase «colonialidade do saber».<sup>14</sup> Desde os estudos feministas créanse conceptos propios para analizar dende unha perspectiva crítica co xénero como nos afecta a colonialidade na actualidade. María Lugones acuña a categoría de «colonialidade de xénero» para nomear a análise de opresión de xénero racializada e capitalista (Lugones, 2014). Dentro desta análise, Lugones fala de «racismo de xénero» para poñer de manifesto que a universalización dos estudos de xénero elaborados por mulleres cixénero branco burguesas asentadas en países centrais non foron e non son capaces de ver como as súas prácticas reproducen parte dos problemas que denuncian. Mentres criticaban o universalismo androcéntrico, propuxeron a categoría de xénero e aplicárona universalmente a todas as sociedades e todas as culturas, sen cuestionarse que o sistema de xénero é unha construción que xorde para explicar a opresión das mulleres nas sociedades modernas occidentais (Lugones, 2014, Espinosa-Miñoso, 2014). Para María Galindo este *lobby* do feminismo branco que Janet Halley chama «gobernanza feminista» trátase dunha «tecnocracia de xénero»

**Dentro desta análise, Lugones fala de «racismo de xénero» para poñer de manifesto que a universalización dos estudos de xénero elaborados por mulleres cixénero branco burguesas asentadas en países centrais non foron e non son capaces de ver como as súas prácticas reproducen parte dos problemas que denuncian**

xestionada por mulleres brancas que constrúen un discurso universal esquecéndose das comunidades indíxenas, das pluralidades sexuais e da infancia, e xeran prácticas opresoras e invisibilizadoras.<sup>15</sup>

Volvendo agora a centrarnos no «feminismo punitivista», Jorge Vicente Paladines sinala que esta corrente se alimenta das demandas do feminismo para incorporar novos delitos, así no contexto latinoamericano baixo esta

corrente acúñanse novos tipos delituosos como o femicidio e o feminicidio, e trasládanse dunhas lexislacións a outras como modelos de tipificación sen importar as formas autóctonas que xa poidan existir nos respectivos países para sancionar estas condutas.

No contexto europeo, latinoamericano e de América do Norte, o discurso do feminismo punitivista é defendido tanto dende os sectores conservadores como dende os movementos e feminismos de esquerdas, tendo isto en conta sinala Paladines que o punitivismo na militancia feminista é un contrasentido, porque «as reivindicacións históricas do feminismo serviron para cuestionar a microfísica da cultura machista, patriarcal ou androcéntrica, o emprego do poder punitivo renega disto, toda vez que este, o punitivismo, fundaméntase precisamente nas estruturas máis patriarcais e machistas que tivo a humanidade» (Paladines, 2013). Recorda o autor que é precisamente na publicación de Hainrich Kramer e James Sprenger coñecida como *O martelo das bruxas*, onde se consagra o Dereito Penal e o discurso para executar a millóns de mulleres. E conclúe sinalando que o discurso do castigo non serve para a cohesión social nin minimiza os conflitos de agresividade e violencia contra as mulleres, pola contra, o que fai é aumentar as demandas de penalidade e subscribir a cultura do castigo que trae como con-

<sup>13</sup> O traballo citado está elaborado por Kerry Carrington (australiana, branca), directora da School of Justice, Russell Hogg (australiano, branco), investigador na Crime and Justice Research Centre, e por Máximo Sozzo (arxentino, branco), investigador na School of Justice, ambos centros de investigación forman parte da Faculty of Law da Queensland University of Technology, en Brisbane, Australia. Carrington, K., Hogg, R., & Sozzo, M. (2016): «Southern criminology», *British Journal of Criminology*, 1 (56), 1-20. doi:10.1093/bjc/azy083.

<sup>14</sup> O concepto de «colonialidade do saber» foi acuñado por Edgardo Lander (sociólogo venezolano), con este termo, o autor pon no centro o carácter eurocéntrico

do coñecemento moderno e a súa articulación nas formas de dominio colonial/imperial. Con esta categoría conceptual refírese ás formas de control do coñecemento asociadas á xeopolítica global disposta pola colonialidade do poder. Neste sentido, o eurocentrismo funciona como un locus epistémico dende o cal xorde un modelo de coñecemento que, por un lado universaliza a experiencia local europea como modelo normativo a seguir e, por outra parte, designa os seus dispositivos de coñecemento como os unicamente válidos. Ver as seguintes obras: Lander, E. (2000): «Ciencias sociales: Saberes coloniales y eurocentrismo», en E. Lander (ed.): *La colonialidad del saber: Eurocentrismo y ciencias*

*sociales. Perspectivas latinoamericanas* (páx. 4-23), Buenos Aires, CLACSO, Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales. Recuperado o 16 de agosto de 2017, de <http://bibliotecavirtual.clacso.org.ar/clacso/sur-sur/20100708034410/lander.pdf>; Grupo de Estudios sobre Colonialidad (abril de 2012): «Estudios decoloniales: Un panorama general», *Kula: Antropólogos del Atlántico Sur* (6), 8-21.

<sup>15</sup> María Galindo Neder é unha activista boliviana, branca, psicóloga e artista, militante do feminismo radical. Galindo, M. (2014): *Feminismo urgente: ¡A despatriarcar!*, Mujeres Creando, La Paz, Lavaca.

secuencia a fragmentación aínda maior do tecido social (Paladines, 2013).

A pregunta está clara, que aconteceu? Por que determinados movementos de esquerdas, de dereitos humanos e feministas abrazan a lóxica penal? Na miña opinión, estes movementos sacrifican a coherencia e renuncian á procura doutras solucións non penais, por conseguir a popularidade e o rédito mediático que garante o Dereito Penal.

É coñecido que o Dereito Penal se ten revelado como un mecanismo que garante altas taxas de popularidade, que buscan tanto os movementos de dereitas como os de esquerdas. Emerxe aquí o populismo punitivo que é empregado dende diversas fronte ideolóxicas para gañar referencia. Neste sentido, dende os movementos de esquerdas, dereitos humanos e feministas o que se fai, como sinala Maíra Cristina Corrêa Fernandes, é acudir á tutela penal para a defensa das minorías como un instrumento quimérico, sen ter en conta que a consecuencia deste discurso é unha ampliación da capacidade de actuación e represión estatal, que rapidamente se volve na contra precisamente das capas da sociedade que xa están constantemente marxinaadas. Neste punto, por tanto, esquerda e dereita dunha forma perversa danse a man e abrazan a lóxica penal neoliberal. Tristemente esquece a esquerda e determinado sector do feminismo que o papel do sistema penal é ser o máis poderoso instrumento de mantemento e reprodución da dominación e da exclusión social dentro da sociedade capitalista (Corrêa Fernandes, 2015).

Mais cales son os argumentos dende o «feminismo punitivista» para acudir ao Dereito Penal? O principal argumento é que o Dereito Penal garante a publicidade suficiente para que os homes machistas entendan que comportamentos misóxinos, discriminatorios e desiguais son socialmente inaceptábeis. Desde esta lóxica, aínda que determinados tipos de condutas criminais xa estaban sancionados nos respectivos códigos penais, que estas condutas se

**A pregunta está clara, que aconteceu? Por que determinados movementos de esquerdas, de dereitos humanos e feministas abrazan a lóxica penal? Na miña opinión, estes movementos sacrifican a coherencia e renuncian á procura doutras solucións non penais, por conseguir a popularidade e o rédito mediático que garante o Dereito Penal**

reescriban baixo un *nomo juris* novo como *violencia de xénero* ou *feminicidio*, representa para esta corrente do feminismo unha gran conquista política das mulleres, que xustifica acudir á forza simbólica do Dereito Penal (Corrêa Fernandes, 2015).

### 3. Feminismo pospunitivista

Que é o «feminismo anti-punitivista ou pospunitivista»? É o defendido por aquelas feministas que rexeitamos a lóxica carceraria do biopoder e buscamos transcender as limitacións inherentes dun enfoque xurídico da xustiza (Sandbeck, 2012).

Entón, se rexeitamos a lóxica carceraria, cal é o camiño dende o «feminismo pospunitivista» para reaxir contra os malos tratos, contra a violencia sexual, contra o acoso, contra as violacións correctivas ás mulleres lesbianas, o tráfico de mulleres con fins de explotación sexual? É moi ampla a literatura neste sentido, así que a continuación esbózanse algunhas ideas coa intención de rematar este artigo facendo ver que hai outro mundo posíbel sen este sistema penal e carcerario.

O primeiro polo que debemos partir é por deixar en claro que o sistema penal está deslexitimado, e funciona como parte dunha lóxica neoliberal de control, a cadea tampouco é unha institución para a rehabilitación ou a resocialización, pola contra funciona como un lugar de confinamento de persoas racializadas, activistas, pobres, etc.,<sup>16</sup> como una institución de control social de homes e mulleres. Ademais, debemos ter en conta que o sistema penal está dominado por homes socializados na cultura patriarcal e impregnados de valores profundamente sexistas, de forma que non podemos confiar aínda como mulleres neste sistema penal.

En segundo lugar, e dende unha perspectiva feminista e en liña co anterior sinalan: a chilena Carmen Antony,<sup>17</sup> que o Dereito Penal é incapaz de protexer as mulleres e toda a pluralidade de corpos, xa que non prevé a violencia, non soluciona o conflito e menos aínda transforma a relación de xénero que o cruza (Antony, 2001); e a brasileira Maíra Cristina Corrêa Fernandes afirma que o Dereito Penal non contribúe nin a igualdade de xénero nin a prevención dos delitos cometidos contra as mulleres cixénero e heterosexuais inseridas na sociedade machista, mulleres que son foco constante de misoxinia, pois non disuade este perfil de criminais de cometer agresións; ademais, o carácter simbólico do poder punitivo non ten efectos reais, de xeito que novas criminalizacións o que fan é reforzar un Dereito Penal, unha tutela que é unha

<sup>16</sup> José Ángel Brandariz García é galego, branco e profesor de Dereito Penal na Universidade da Coruña, Brandariz García, J. (2014): *El gobierno de la penalidad: La complejidad de la política criminal contemporánea*, A Coruña, España, Dykinson.

<sup>17</sup> Carmen Antony é unha profesora e investigadora feminista chilena e branca, que traballa como profesora de Criminoloxía na Universidade de Chile. Antony, C. (2001): «Perspectivas de la criminología feminista en el siglo XXI», *Revista de Derecho, Criminología y Ciencias Penales* (3), 249-257.



mera fachada e que na realidade é un mecanismo para aumentar a popularidade en contexto político de determinados grupos, mais que non toca as orixes da violencia machista (Corrêa Fernandes, 2015).

En terceiro lugar, debemos ter en conta que o suxeito do feminismo mudou e xa non posúe unha identidade fixa, pola contra é múltiplo e continxente, vai máis alá de falar só das mulleres. Debemos entender que necesitamos respostas precisas para as situacións, non son o mesmo as mulleres indíxenas, as mulleres ciganas, ou as mulleres do mundo rural que as mulleres urbanas ou migrantes, as consecuencias ou como se vive unha intervención policial por malos tratos nun contexto ou outro varía enormemente, así como as necesidades e medos das mulleres.<sup>18</sup> Ademais, acudir ao Dereito Penal é unha forma de reforzar a cultura occidental hexemónica, especialmente cando as ideas de máis punición son defendidas dende sectores feministas e de esquerdas nos países do sur.

En cuarto lugar, necesitamos recuperar as vítimas, que na actualidade están substituídas polo Estado, é o Estado o que se considera vítima nun procedemento penal. Necesitamos que o procedemento se use para resolver un conflito entre partes e non quede reducido a un acto de poder para reafirmar a figura do soberano (Zaffaroni, 2000; Larrauri, 2005).

Quinto, o sistema xudicial debe ser rápido e eficiente, e debe en todos os casos considerar as vítimas como persoas con capacidade de decisión, funcionando como un axente empoderador se é preciso, máis non lles negar nunca a capacidade de chegar a acordos nin infantilizar as mulleres, como acontece entre outras na lexislación española, que cando somos vítimas de violencia de xénero, asúmese que todas temos o síndrome da muller maltratada e, en consecuencia, o Estado decide por nós.

Sexto, a escenografía e a arquitectura do interior dos tribunais debe transformarse, eliminando o interrogatorio violento, así como modificando o lugar onde se sitúan as persoas dentro da sala, que debería ser nun mesmo plano, despois do seu privilexio e superioridade os operadores xurídicos que se colocan en lugar de dominio fronte ás persoas administradas pola xustiza (Zaffaroni, 2000).

Sétimo, é necesario reivindicar as formas de xustiza ancestrais, que seguen vivas en moitas culturas, e non impoñer as formas occidentais baseadas no Dereito Penal, que funciona como axente colonizador e vulnera os dereitos e a identidade das persoas indíxenas (Fernández Míguez, 2018).<sup>19</sup> Nos contextos occidentais, debemos camiñar cara a sistemas reparadores e restauradores do conflito, investindo recursos económicos en solucións alternativas á penalidade, onde se impli-

quen outro tipo de profesionais, con actividades de mediación, con tratamento e axuda psicolóxica, social, educativa, máis recursos económicos, axudas sociais, etc., con implicación das familias, ampliando a consideración de vítima a un número maior de persoas, porque o crime afecta a diversas persoas, non só á vítima directa (Larrauri, 2005).<sup>20</sup>

Oitavo, precisamos corrixir a deriva penal do poder político, xa que hoxe o poder político pasou a ser tamén poder punitivo (Zaffaroni, 2000).

En conclusión, é preciso estar alerta no noso día a día, entender que un discurso propenalidade fica fóra da esencia do feminismo, as nosas loitas e conquistas deben ser por ampliar dereitos e non restrinxilos. Nós, as investigadoras, debemos ter coidado e construír unha criminoloxía crítica feminista que non lexitime o sistema penal. Debemos conquistar espazos de formación, e non ampliar as prisións para convertelas en guetos de homes violentos. O discurso feminista debe ser pospunitivo e crear solucións alén da cadea para a criminalidade específica que vivimos as mulleres, as crianzas, as pluralidades afectivas sexuais e as persoas maiores de calquera raza, etnia ou identidade. ■

<sup>18</sup> Estas ideas aparecen reflectidas nos traballos de Carmen Hein de Campos, brasileira, branca, avogada feminista, profesora de Dereito e investigadora no campo dos dereitos das mulleres, a violencia de xénero, a criminoloxía feminista e a saúde reprodutiva. Hein de Campos, C. (2013): *Teoría crítica feminista e crítica à(s) criminología(s): Estudo para uma perspectiva feminista em criminologia no Brasil* (tese de doutoramento), Porto Alegre, Brasil, Pontificia Universidade Católica do Río Grande do Sul; e na miña propia tese de doutoramento, Fernández Míguez, S. (2018): *La violencia machista en Chile: Una visión desde*

*el Derecho Penal y la Justicia Mapuche* (tese de doutoramento), A Coruña, Galicia, Universidade da Coruña.

<sup>19</sup> Sheila Fernández Míguez, son a autora deste libro, e se tivese que dicir algo de min, sería que son unha feminista, branca, decolonial. A referencia indicada forma parte do meu traballo de tese de doutoramento Fernández Míguez, Sheila: *La violencia machista en Chile: Una visión desde el Derecho Penal y la Justicia Mapuche* (tese de doutoramento), A Coruña, Galicia, Universidade da Coruña, 2018.

<sup>20</sup> Elena Larrauri Pijoan é criminóloga e catedrática de Dereito Penal e Criminoloxía na Universidade Pompeu Fabra en Barcelona. Larrauri, Elena: «Justicia restauradora y violencia doméstica», proxecto «La credibilidad de las penas alternativas a la prisión» (Universidade Autónoma de Barcelona), 2005.



# O suxeito político do feminismo

PALOMA URÍA

O movemento feminista foi un movemento de mulleres<sup>1</sup> e, por tanto, o suxeito colectivo, natural, non só político, era a muller. Creo que nos seus primeiros andares o feminismo non aparecía como un movemento identitario no sentido forte, pero ao longo da súa traxectoria, ao cabo duns anos —finais dos oitenta—, si que se perfilou unha identidade feminina ríxida e

oposta a unha identidade masculina igualmente monolítica.<sup>2</sup>

Con todo, tamén a finais dos oitenta se comezaron a percibir as evidentes diferenzas entre as mulleres, probablemente por influencia do feminismo estadounidense, onde as diferenzas de raza e de opción sexual expuñan novos retos, pero tamén no noso movemento, formado maioritariamente por mulle-

res procedentes do ámbito da esquerda, as diferenzas de clase non se podían obviar, así como as diferentes opcións sexuais. Falábase entón da dobre ou tripla opresión, de xénero, de clase, de orientación sexual; con todo, estas percepcións non puxeron en cuestión nin a identidade nin o suxeito; como moito substituíuse *a muller* por *as mulleres*. Aceptouse en parte a diversidade, pero non a identidade do suxeito do feminismo.

Con todo, nun sector do movemento do que moitas formabamos parte os

<sup>1</sup> Segundo o sistema de sexo/xénero.

<sup>2</sup> Como se perfilou esta identidade? Que significaba *ser muller*?

interrogantes sobre o suxeito do feminismo producíronse a partir dos anos noventa en relación con dous factores, un de carácter teórico e o outro de práctica política. Ambos os factores pónense sobre a mesa nas multitudinarias v Xornadas Feministas celebradas en Madrid en decembro de 1993. O factor práctico ten lugar polo contacto co movemento das persoas transexuais (Transsexualia), que pon en cuestión o rixido concepto de xénero que ata o momento se daba por evidente, é dicir, o xénero determinado polo sexo biolóxico. Nas xornadas, preséntanse tamén as prostitutas esixindo ao movemento feminista a defensa dos seus dereitos, co que o abano reivindicativo, e por tanto o suxeito do movemento, amplíase.

O factor teórico prodúcese coa chegada ás nosas lecturas e debates das principais obras das feministas postestruturalistas, especialmente J. Butler. Prodúcese un proceso de deconstrución da noción de suxeito e, por tanto da identidade, que deixa de ser clara e segura para se converter en precaria e difusa. Fronte ao concepto de suxeito ontolóxico, baseado nunha identidade que se considera metafísica (a muller), postúlase (F. Collin) *un suxeito político*, é dicir un suxeito de dereitos, de xeito que han ser os dereitos polos que se loite en cada conxuntura histórica os que determinen o suxeito político.

Foron momentos de frutíferos debates e de radicais cambios na concepción do feminismo. Foron momentos nos que se facía posible dar un xiro ao movemento, ampliando os seus obxectivos e, por tanto, o suxeito político do mesmo. Pero o movemento daquela estaba moi debilitado e moi fragmentado e este xiro non se produciu entón.

### Novos tempos

Chegan outros tempos. Nas Xornadas de Granada do 2009 sorprende a masiva participación xuvenil —por fin unha nova xeración— e a conspicua presenza de persoas de xénero indefinido ou líquido. Detrás disto hai todo un período de debate no movemento

### Fronte ao concepto de suxeito ontolóxico, baseado nunha identidade que se considera metafísica (a muller), postúlase (F. Collin) *un suxeito político*, é dicir un suxeito de dereitos

transexual sobre a despatoloxización da transexualidade e de asimilación das anteriores preocupacións arredor do suxeito e do xénero. Non foi un acontecemento illado, o 8M e os dous anos de manifestacións e folgas feministas presentan un panorama diferente e novos retos.<sup>3</sup>

Este feminismo renovado ve sumamente enriquecedora a ampliación do suxeito político do feminismo e incorpora o concepto de interseccionalidade para analizar esta ampliación. O que se trata é de axustar a análise da discriminación e marxinación das mulleres á súa situación na estrutura social. A posición das mulleres na sociedade está atravesada por múltiples factores que a condicionan, de xeito que non é o mesmo a marxinación das mulleres con emprego que a das desempregadas; nin a das nacionais que a das inmigrantes; nin a das heterosexuais que a das que prefiren outras formas de sexualidade. O movemento feminista vese na obriga de contemplar e atender todas estas

<sup>3</sup> Paralelamente a este desenvolvemento, o feminismo institucional, o que podemos considerar feminismo hexemónico ou polo menos o que é máis amplamente recoñecido pola opinión pública, mira con receo a inclusión no feminismo da diversidade de grupos sociais. As putas sempre se rexeitaron, pero agora non se entende a participación de transexuais, bisexuais, e gais, nin se quere aceptar a debilitación do concepto de xénero nin cuestionar a idea dunha opresión común homoxénea.

situacións, con especial dedicación ás persoas máis desfavorecidas. E as políticas públicas deben deseñarse xustamente en función destas análises.

Pero creo que estas formulacións non esgotan o problema do suxeito político do feminismo. Aínda que sirvan como guía para a práctica política, non tratan algunhas cuestións teóricas que se han de reflectir na práctica organizativa.

Xa desde os inicios do movemento, as lesbianas organizábanse con frecuencia en colectivos, pero estes integráronse sen grandes problemas no movemento feminista unitario; tamén as prostitutas procuran organizarse autonomamente, e a súa tendencia é integrarse tamén no movemento, sendo este o que se mostra reticente. Máis dificultades preséntanse coas persoas transexuais, que poden sentir un impulso identitario máis forte e unha maior reticencia por parte dalgúns sectores do movemento feminista.

Pero que ocorre coas mulleres de sectores sociais máis marxinados ou desfavorecidos social e/ou economicamente? A experiencia demostra que as mulleres tenden a agruparse, a organizarse en función da súa peculiar situación social e así, créanse organizacións de mulleres xitanas ou de mulleres inmigrantes e, dentro destas, tamén se asocian pola súa procedencia nacional ou étnica: colombianas, magrebís, subsaharianas... Estas organizacións tenden a xerar unha conciencia identitaria forte e ás veces en certa oposición ás organizacións clásicas do feminismo, formadas por mulleres que non deixan de ter unha situación privilexiada socialmente. Pola súa banda, o movemento feminista, é inútil descoñecelo, estivo formado por mulleres brancas, maioritariamente de clase media, universitarias ou con estudos medios. Carece de experiencia para integrar sectores tan diferentes e, a pesar da súa boa vontade, corre o risco de caer no paternalismo.

Como facer para conseguir esta integración? Como combinala co respecto ás diversas identidades sociais? Como



comprender e asumir as súas reivindicacións como propias? Como evitar caer no relativismo cultural? Como combinar tan diversos suxeitos políticos en loita? Todos estes interrogantes existen un debate e unha reflexión detida, se queremos potenciar un movemento feminista verdadeiramente diverso e atento á interseccionalidade.

### E os homes?

Ata aquí estivemos falando de mulleres, por moito que manexemos un concepto de identidade débil, máis ou menos líquido. Pero, que ocorre cos homes?, É dicir, con aquelas persoas que están cómodas coa súa identidade masculina (os homes cis)?

O movemento feminista mantivo os homes afastados da súa loita. En casos extremos do feminismo máis radical, porque os consideran sustentadores da opresión e discriminación das mulleres, confundindo o plano estrutural co individual. No mellor dos casos, recoñecendo que existen homes xustos que comprenden as reivindicacións do feminismo, confírenlles o papel de apoio ou de aliado circunstancial, probablemente pensando que a súa participación máis activa pode desvalorizar, atenuar o perfil feminista; é dicir, a identidade de xénero que o sustenta.

No fondo está tamén a falacia de que só se pode loitar con decisión contra unha inxustiza cando esta se sofre directamente. Esta idea está tamén presente nas reticencias dalgunhas organizacións de mulleres, que ven con sospeita, senón con rexeitamento, a participación ou mesmo o apoio doutras mulleres que non participan directamente dos problemas do grupo (sexan lesbianas, prostitutas, inmigrantes...). Dáse por certo que o coñecemento procede só da experiencia e non da información, da razón, da reflexión. E esquecese que a loita por un mundo máis xusto é e foi o que moveu unha gran parte da historia da humanidade. É, por que non dicilo, o imperativo categórico. Por iso non me parece apropiado argumentar, para chamar os homes ao feminismo, que tamén



**el feminisme  
tamé  
era  
aixó**

**15/  
06/  
2019**

Ateneu L'Harmonia  
C/ Sant Adrià, 20, BCN

10.30 h. **Presentació i introducció a la jornada.**

11 h. Taula 1  
**Genealogia d'un feminisme que no va arribar al poder.**  
Conversant amb **DOLORES JULIANO, CRISTINA GARAIZABAL i LEON FREUDE**

13 h. Taula 2  
**Problematitzant la doctrina de la identitat. Possibilitats, derives i escapatòries.**  
Amb **MARISELA MONTENEGRO, PALOMA URÍA i MIQUEL MISSÉ**

16.30 h. Taula 3  
**Per què estar en contra de l'abordatge punitiu de les violències? Propostes feministes des de l'abolicionisme penal.**  
Amb **PAZ FRANCÉS, MARÍA ANTONIA CARO i LAURA MACAYA**

Organitza: **PROIECTE X**

eles gañarán en benestar nun mundo igualitario, sen machismo. Creo que estes futurismos son indemostrables (como tamén o é o paraíso celestial e o paraíso comunista).

A participación dos homes no feminismo paréceme inescusable, pola mesma razón pola que as mulleres participamos en loitas contra inxustizas ou desigualdades que non nos afectan directamente, dada a diversidade que sinalamos. Xa sei que a isto me poden responder que todas as mulleres sufrimos unha opresión común, pero, é isto certo? Ante tanta diversidade, pódese falar dunha opresión común? Baseada en que? Temos, seica, as mulleres unha mesma experiencia vital?

Mais é certo que hoxe a participación masculina presenta problemas e dificultades. Algunhas son facilmente

superables e de feito xa se está producindo, como a participación puntual en encontros, debates e xornadas, así como as achegas e comentarios sobre o feminismo e as súas actividades en diversos medios. A participación máis ampla nas mobilizacións (8M, por exemplo) suscita máis incompreensión no movemento, incompreensión que haberá que combater. Máis difícil parece a cuestión organizativa. Respectando a actividade das organizacións dos Homes pola Igualdade, inclínome máis por organizacións mixtas que debatan conxuntamente achegando por igual os puntos de vista propios, pero esta iniciativa non está exenta de perigos e dificultades e aínda pesa a experiencia da prepotencia masculina nas organizacións e espazos mixtos. É, por tanto, preciso reflexionar. ■

# Aureanas do Sil, emprendedoras buscadoras de ouro


PATRICIA ARIAS CHACHERO

O día 9 do pasado mes de xullo, o *Diario de León* anunciaba que o Instituto de Estudos Bercianos organizaba, en colaboración coa historiadora Laura Martínez Panizo, unha xornada lúdico-didáctica coa que pretendían amosar-lles ás novas xeracións o vello oficio das aureanas. As aureanas, así en feminino, tamén chamadas bateadoras, oreanas ou silouras, son mulleres que, desde hai centos de anos, se dedican a lavar a area das canles fluviaes na procura de ouro. Inda que son moitos os ríos galegos auríferos (o Miño, o Lor, o Xares, o Camba, o Bibei...), o principal parece ter sido o Sil, especialmente ao seu paso pola fronteira entre Galicia e o Bierzo.

A antigüidade da ocupación e o carácter feminino da mesma, aparecen documentadas xa no século I. Por aquel entón, o xeógrafo grego Estrabón deixou escrito que: «entre os ártabros, que habitan no máis afastado do Septentrión e do Ocaso da Lusitania, o chan ten, segundo din, eflorescencias de prata, estaño e ouro branco mesturado con prata. Esta terra é arrasada polos ríos e as mulleres, despois de ter amasado a area, lávana en peneiras tecidas en forma de cesta». O oficio mantívose e chega ata os nosos días sen grandes mudanzas.

Explica Eladio Rodríguez González no seu dicionario (1958-1961) que:

En certas épocas del año en que las labores agrícolas no requieren gran atención, las mujeres que viven en las aldeas de las márgenes del Sil, dedícanse con un cuezo de madera a recoger las arenas que



Inauguración da draga en Toral de los Vados

arrastran las aguas, y por medio de continuas decantaciones las lavan y depuran hasta que el oro queda en el fondo. Las aureanas son generalmente de la parroquia de Seadur, en el Ayuntamiento orensano de Larouco, y de otras inmediatas a las orillas del río en el Barco de Valdeorras, Petín y Quiroga; venden el áureo metal a los comerciantes de Valdeorras y Quiroga; y aunque no es fácil fijar los rendimientos de esta industria, calcúlase el producto en unas 50 ó 60.000 pesetas anuales.

O que non conta don Eladio é que era un traballo físico moi duro, motivado pola necesidade, que esixía longas xornadas fóra da casa e que exercían, moi principalmente, as mozas solteiras,

algunhas moi novas, de apenas 13 ou 15 anos, sobre todo durante o verán, nun tramo do río Sil que abranguíña uns 70 quilómetros; desde os arredores de Quiroga ata a provincia de León. Normalmente a dedicación a tempo completo e durante varios días seguidos, seis ou sete sen regresar á aldea, cesaba cando as mozas casaban, pois, a partir dese momento, impúñanse as obrigas da casa e da facenda.

As rapazas, que normalmente bateaban en pequenos grupos, cargaban co concho de madeira de castiñeiro que lles servía para lavar a area e separar, por decantación, o ouro. Reunidos os sedi-



## Las Aureanas del Sil

Por las ásperas entrañas de la provincia de Lugo y por el filo de cien rocas está guardado el tesoro.

Sólo el Sil sabe el secreto. Y se lo calla porque es un río.

Hay, pues, en el suelo celta un tesoro que oculta misteriosamente el río. Río rico, de fina arena; tan fina que algún grano que otro resulta de oro.

Se dice si será el Furado el monte que oculta los montecillos de oro.

Los romanos construyeron un túnel en el monte para desviar el curso del río y beneficiar así mejor el primitivo cauce. Eso fué todo. Des-

## Veinte siglos buscando oro




Puede, pues, casi asegurarse que, aunque se absorbiese el agua del río, no se encontrarían los yacimientos auríferos, viniendo a ser el Sil algo así como la gallina de los huevos de oro.

Devez en cuando el Sil saca de su cauce una pepita de oro, del tamaño de un grano de maíz, y obsequia a una de las mujeres que a diario le acosan con la mano extendida.

La mujer que recoge la

Parece como si estas bellas y circunstanciales buscadoras de oro se sintieran un poco decepcionadas al ver al río Miño echarse al mar como otro río cualquiera.



A veces—y al cabo de los siglos—el río permite que se haga una leve variación en su cauce.

de entonces numerosos buscadores de oro—los más humildes y menos aventurados pescadores de oro del mundo—vienen empeñados en la misma codiciosa y secular tarea de obtener aureanas a lo largo del Sil, el río acaudalado y caudaleso que, si pudiera ser, una noche—cualquiera—, parecería muerto, cosido por cien cuchillos, muchos de ellos de cocina...

Porque son pobres y pacientes mujeres las que vienen ocupándose en lavar las arenas del río.

Cuando las aguas del Sil disminuyen y quedan en seco los arenales acuden las mujeres a las orillas con unas mangas o cuezos, donde echan las arenas, sometiéndolas a un lavado constante que arrastra la tierra y deposita en el fondo del cuezo la arena y el oro. Repetidos estos lavados, tratan por el mercurio la última porción recogida, formándose una amalgama que une todas las partículas de oro en una masa, la que semeten luego a una temperatura suficiente para que el mercurio se volatilice y quede oro puro.

Se dice que los primitivos filones fueron deshechos por las conexiones geológicas y arrastrados esporádicamente por los grandes diluvios hasta constituir ex-



Uno de los valles que forma el Sil, y uno de sus remansos donde, a lo mejor, posan, rezagadas, muchas pepitas de oro.

tensos conglomerados que ocuparon con el tiempo las hendeduras de las rocas, minas y laderas de los montes a cuyos pies se arrastra codiciosamente el Sil.

Los conglomerados están formados por escamitas, que tendrán de valer, cada una, un real.

Según una curiosa estadística de 1883, se recoge en el Sil oro por valor de diez a catorce mil duros anuales.

Los ingleses, a quienes atrae el oro como al cuervo la plata, quisieron explotar la región del Sil, sin que lograsen dar con los criaderos.

mo: «truchas del Sil». En el mercado los pescados del Sil tenían gran aceptación mientras conservasen los vientres intactos y llenos.

Se cuenta que muchas veces en una trucha del Sil, e del Miño, se encontraba una aureana del tamaño de un garbanzo cocido. Y que las vendedoras llegaron a falsificar vientres de truchas vaciando éstas por la boca y volviéndolas a llenar de arena.

L. SANTISO GIRON

(Fotos Villar.)

El Sil, siempre grave y profundo, cerca ya de su conjunción con el Miño.

pepita casi se arroja al río y se deja arrastrar con las aguas por pura gratitud.

En otro — ¡muy otro! — tiempo abundaban los pescadores sentados a lo largo del Sil que creían alzar la caña a cada momento con el escalo o trucha que se había comido una aureana. Muchos de estos pescadores morían, como los de perlas, antes de los cuarenta años de su vida.

Y había algunos que, después de registrar cuidadosamente por el tacto los plateados vientres de los peces, y no encontrar nada metálico, fuera del color de las escamas, los llevaban a la venta con este marcham-

to: «truchas del Sil». En el mercado los pescados del Sil tenían gran aceptación mientras conservasen los vientres intactos y llenos.

Se cuenta que muchas veces en una trucha del Sil, e del Miño, se encontraba una aureana del tamaño de un garbanzo cocido. Y que las vendedoras llegaron a falsificar vientres de truchas vaciando éstas por la boca y volviéndolas a llenar de arena.

L. SANTISO GIRON

(Fotos Villar.)



mentos nunha lata, moitas veces de sardiñas, cando tiñan bastante cantidade, xeralmente pola noite, mesturábana con mercurio e azougábana ben ata que a masa adquiría unha cor dourada. Colocábana despois nun recipiente metálico que quentaban por riba e por baixo, con brasas de urce, aciñeira ou torgo. A calor facía que o mercurio se evaporase e que quedase reunido o ouro puro.

Pese o que apunta Eladio Rodríguez ao final da súa entrada no dicionario, é difícil calcular canto beneficio obtiñan. Elas mesmas nunca tiveron moito interese en concretar cifras. Sabemos, iso si, que non encontraban grandes pebidas, senón máis ben pequenas e delicadas labras que cumpría reunir con paciencia. Con todo, de cando en vez aparecía unha cantidade importante. En febreiro de 1880 os xornais galegos dan a nova de que unha delas atopara unha pedriña de oito adarmes, uns 15 gramos. Becerro de Bengoa (1833: 136) indica que

[...] no están conformes los vecinos de estos pueblos acerca de la cantidad total de oro que cada año se recoje manualmente, pero bien puede admitirse la de unos 25 á 30 marcos de peso, esto es, en un valor de 10 a 14.000 duros.

Vázquez Varela (1995: 158), pola súa banda, apunta que nos anos cincuenta cada aureana extraía dous ou tres gramos de ouro ao día. Miguel Delibes, que as fixo populares en 1986 cando lles dedicou un artigo en *La Vanguardia*, entrevistou a dúas delas, María Encarnación Marinas e Delfina Fernández Blanco, que lle confesaron:

En los años 30, el gramo de oro iba a dos pesetas y media, no se pagaba más; y en los últimos que sacamos, allá por el 56, me parece que se pagaron a 74. Como verá, esta nuestra era una profesión muy aventurera, pero si hacíamos un verano de ochenta duros, buenos eran, mire usted, máxime en una época en que el jornal de un hombre yo no sé si llegaría a las tres pesetas.

Como regra xeral, vendían o mineral a anónimos compradores que visitaban a aldea unha vez ao mes. Rara

vez quedaban con el para facer pequenas xoias e, inda que ningunha delas se facía rica coa actividade, todas se esforzaban no traballo, o complemento era importante na economía doméstica.

O ourensán Antonio Suárez de Puga, que andando o tempo escribirá un drama en tres actos titulado precisamente *Las aureanas del Sil*, asina, en 1905, un artigo en *El Regional*, onde describe o seu encontro cunha «cuadrilla de seis ó siete mujeres, pobrementes vestidas; que descalzas de pie y pierna, marchaban a orillas del río». O grupo, tras afirmar que «no es oficio de hombres», acepta a compañía do xornalista, previo pago de propina, e accede a explicarlle o que fan. Unha delas, con incipiente conciencia de clase, apunta:

Mientras el hombre va á segar en los campos de Castilla, yo recorro las orillas del río hasta muy cerca de su nacimiento. Casi al mismo tiempo que él torna a la aldea; juntamos lo que con tanta privación los dos ganamos, y allí en la villa todo se queda para que esos señoritos sinvergüenzas, que todo el mundo conoce, coman holgadamente el pan y adórnense ociosos dedos con el oro que tanto dolor me cuesta.

A produtividade do negocio feminino esporeou á Compañía Española de Explotacións Auríferas que, a finais de 1908, instalou unha enorme draga en Toral de los Vados coa que chegaron a lavar ata cen metros cúbicos de area por hora. O proxecto non callou e a empresa pechou, sen dar explicacións, ao pouco tempo. A tentativa de explotación industrial probablemente explique que, a finais de maio de 1908, o xornalista pontevedrés Prudencio Canitrot, de visita nunha casa reitoral próxima a San Clodio, describa que un paseo seu á beira do Sil provoca miradas suspicaces e acenos de franca desaprobación entre as persoas que traba-

llan no río. O seu anfitrión explícalle que:

[...] ciertos ribereños del Sil han jurado dar un remojón, con todas sus consecuencias, al primer innovador extraño que aquí venga y trate de extraer con un procedimiento moderno y beneficioso aquellas arenas que ellos, con infinito trabajo y sin lucro apenas, sacan sin cesar para darles un mal comer.

Curiosamente non é esta a primeira empresa que tentou explotar o ouro do Sil; moito antes, en 1749, unha muller, María Ana de Landa, solicitalle ao rei Fernando VI privilexios e franquicias para explotar dúas minas de ouro, ubicadas en Almedal e Nogueiras, ambas en Valdeorras. Sobre este tema escribiu un documentadísimo artigo o xornalista Fernando Salgado titulado «Una mujer de minas tomar», foi publicado en *La Voz de Galicia*, o 7 de maio de 2012.

Ao longo do século XIX, viaxeiros e excursionistas comezan a mitificar e idealizar ás traballadoras. O sorprendente oficio e o espírito da época, motivan comentarios como este de Lisardo Barreiro recollido das páxinas de *El Correo Gallego*, o 6 de setembro de 1885:

Con los brazos desnudos, el cabello negro puesto en rodete, y la sencilla falda




Foto: Raniero. O santo cristián tutela a antiga fonte pagá





Foto: Marqués de Santa María del Villar. Muller bendecindo as augas



Foto: Blanco. A fonte e o río



Foto: Marqués de Santa María del Villar. Río Sil

blanca recogida púdicamente hasta más arriba de la corva de la pierna; con su cuezo lleno de arenas debajo del brazo, y su alfilerero ahito de mercurio vivo entre el cordón de su floreado justillo, parece dentro del río, algo así como una *Venus rural*.

Xa antes, en 1874, nas páxinas de *El Heraldo Gallego*, atopamos estoutro texto, na mesma liña, asinado polo historiador Benito Vicetto:

De cuando en cuando, entre las rocas ó los árboles de la orilla, veíamos agitarse una aureana, pintorescamente inclinada sobre el río, con su saya encarnada, su jubón de veludillo lapiz lázuli, y su pañuelo blanco a la cabeza. Allí, en aquellas aspezezas, en aquellas soledades que corta el murmurante Sil, las aureanas parecían unos seres fantásticos de las baladas del Rhin, ó las náyades no menos fantásticas de la mitología.

En 1876, Mariano Roche y Frejas (1792-1876), afástase algo desta moda nas páxinas de *El Viajero y la Gallega del Sil: Diálogo en prosa y verso inquiriendo noticias sobre el áureo río; escrito en gallego y castellano*. Nel lemos a conversa de carácter didáctico, moi do gusto do Primeiro Rexurdimento, entre o Viajero naturalista e Gracia, unha moza que coñece o oficio que nos ocupa e que afirma rotunda: «Homes non andan n' o río, son mulleres e nenas». Sobre as ganancias que obteñen: «pouco, moy pouco, entre dez ou quince mulleres, á penas sacan un moy corto diario» e engade: «han venido estranxeiros co-lo propio intento de facer reconocimentos, metieron a tienta o bulto pol varios lados e nen hallaron a coquera; non ficieron nada, nin tampouco levaron ninguén ouro; cal vineron se tornaron».

Ao comezo deste folleto, atopamos uns versos introdutorios que, baixo o epígrafe «Vámonos a Galicia», ofrecen esta descrición das aureanas:

Que de los quince á los veinte  
Sean los mayos que cuentan;  
infelices aldeanas  
De las comarcas sierras  
Que piden al Sil el bien  
Que la Fortuna las niega.  
En sus personas se ven  
Juntas alegría y pobreza:  
Cari-redondas, alegres,  
Azuladas sus lumbreras,



Blondos y largos cabellos  
 O trenzados ó en melenas  
 O sujetos con las tocas  
 Según la usanza gallega:  
 Buscadoras son del oro  
 Que oculta la parda arena,  
 Y medio desnudas andan  
 Cubriendo con negligencia  
 Toscas camisas y sayas  
 Sus carnes roji-morenas  
 Escasas son las camisas  
 Con desahogada pechera,  
 Llevan sayas encarnadas  
 Para espantar la tristeza.

### A literaturización dun traballo feminino

A poesía do XIX e comezos do XX incidiu nesa mesma imaxe romántica que destas mulleres deran xornalistas e viaxeiros. Descritas sempre como seres extremadamente fermosos e un tanto misteriosos, os literatos desvirtúan continuamente a valía da traballadora, da esforzada emprendedora que loita por escapar da pobreza. Seguramente os versos máis coñecidos sexan os que Ramón Cabanillas (1978: 300) incluíu en *A rosa de cen follas* (1927), musicados máis tarde por Federico Mompou.

As areas de ouro,  
 aureana do Sil,  
 son as bágoas acedas  
 que me fas chorar ti.

Co-as que collas no río,  
 aureana do Sil,  
 mercarás, cando moito,  
 un amor infeliz.

Para dar c-un cariño  
 verdadeiro, has de vir  
 enxoitarmas nos ollos,  
 aureana do Sil.

Anos antes, en 1862, Antonio de la Iglesia deixou estoutros versos no *Álbum de la caridad* aparecido xusto un ano despois da celebración dos Xogos Florais da Coruña:

Pol-o Mayo tal portento  
 Se ve hoj' e só na terra:  
 Só pol-o Mayo hai contento  
 No mar, no val e na serra.

Por el do Miño nas veiras  
 E mais no valle Miñor  
 Antre froles de roseiras  
 Láyase o doncel de amor.

Por el a virxe aureana,  
 Canta nas ondas do Sil

Cantand'ouro; pro non sana  
 Mal d'amor con ouro vil.

Tanto Cabanillas como Antonio de la Iglesia, esquecen á traballadora para mostrarnos a unha moza nova inmersa nun amor non correspondido. Pouco importan o traballo, o esforzo e a actitude emprendedora, o que lles enche o ollo aos poetas finiseculares parece ser unicamente a capacidade amatoria e a beleza da muller.

Tempo despois, Valentín Lamas Carbajal en *Espiñas, toxos e flores* (1875) dá un paso máis. Escribe un soneto de tema costumista que nos presenta á muller como un ser case fantástico, son fadas (v. 3), feiticeiras (v. 4), seres acuáticos afectivamente vencellados ao río e ao ouro:

Mainiñas cal-as pombas d'as ribeiras,  
 xeitosas cal-os xuncos d'as cañadas,  
 subrimes vaporosas com'a fadas,  
 tal son as aureanas feiticeiras.

Aluma o sol o val, doura as pradeiras,  
 y-elas buscan n-as augas sosegadas,  
 as aéas de ouro cobizadas:  
 mais vén á noite, e fuxen pesareiras.

O Sil é seu amor, a sua legría  
 teñen n'él sempre fixo o pensamento,  
 canto pracer seu corazón ansía:  
 lonxe d'alí, de triste acabamento  
 a garrida aureana morrería,  
 cal morre a fror sin o arrolar d'o vento.

O carácter mitolóxico das aureanas, agora xa plenamente arredadas do traballo pero igualmente próximas á auga, é máis evidente en «Aureana e o alicorne», un poema posterior, que Luís Seoane asina en 1956, nas páxinas de *Nabretema, Sant-Iago*, publicación en Botella al mar, en Bos Aires.

Cando Aureana escoitaba  
 o marmurio da auga  
 na Fonte do Camiño,  
 e o dos soños,  
 pol-os que cabalgaba  
 con estrondo e afouteza  
 o cabaleiro de lanza e escudo,  
 o invisíbel alicorne  
 —que somentes amóstrase às virxens—,  
 brincóu sobor do seu colo,  
 pra xogar satisfeito  
 antre os seus purísimos dedos.

Coído: —Pra Aureana  
 máis tarde virá o cabaleiro.



John William Waterhouse: *Hylas and the Nymphs*

Tense especulado moito sobre se as aureanas da nosa mitoloxía, esa sorte de entes femininos da fertilidade, que aparecen encantados en fontes e cursos de auga e que para desencantalos requiren o tributo de pezas de pan ou queixo, teñen ou non que ver coas traballadoras do Sil. Xoán Xosé Teijeiro Rey (2002: 199) fainos ver que:

[...] é patente que estas anas ou aureanas son a herdanza dun culto nunha divindade que aparecía sobre todo en tríades ou nalgún dos números múltiplos de tres, como o nove. San Martín de Dumio, no século VI, loitaba arreo por minguar e acabar coas ofrendas de pans que as xentes botaban nos ríos en honor das ninfas protectoras dos mesmos.

Quizais o que sucede é que a presenza —desde antigo, lembremos a Estrabón— de mulleres novas traballando recorda a esas divindades femininas asociadas á auga, símbolo da fertilidade.

Polo que parece, as propias aureanas do Sil foron amigas dos relatos mitolóxicos. A Benito Vicetto, no texto citado ao comezo deste artigo, sinalándolle





unha gran peneda cunhas ferraduras de cabalo gravadas, contáronlle que:

Allá en la época en que los romanos eran dueños de este país, y el Santo Apóstol, principiaba la milagrosa persecución de aquella gente, se le ofreció hacer ver el influjo divino al pasar por aquí con un puñado de cristianos.

Hallábanse dos mujeres romanas ó galaico-romanas lavando ropa en la otra orilla del río, y viendo al Apóstol montado en su caballo blanco lo reconocieron y lo insultaron burlándose de sus milagros.

—Santiago —le dijeron por último con gran desafuero—: si en efecto eres santo y haces tantas maravillas, pasa aquí con tu veloz caballo y creeremos en tu Dios.

No había puente alguno por esta parte, y el río ya ven ustedes, es muy ancho, tiene más de cuarenta varas.

A la provocación de las indígenas gallicas, Santiago quedó algún tiempo inmóvil, en oración y sus secuaces no apartaban de él los ojos.

Cuando concluyó su rezo, guió a su caballo á ese peñasco que les mostró a ustedes, hizo la señal de la cruz, picó al corcel y ¡zás! se plantó de un salto junto a las mujeres romanas, las cuales, á la vista de aquel prodigio quedaron convertidas en dos peñas blancas.

Á cristianización do pagán aluden tamén as lendas recollidas por Antonio Suárez de Puga cando se atopa coas bateadoras que traballan á beira do río:

Ellas dicen que fueron quienes mandaron el primer oro para el templo de Salomón. Juran y perjuran que la derrota del rey moro que se llevó las campanas de Santiago (¿Almanzor?) debida fue á la maldición de las aureanas que buscaban oro para la corona del Apóstol, cuando el caballo del infiel, removiendo el fango, las cegó, privándolas de seguir el santo trabajo.

A este dramaturgo ourensán cóntalle en 1905 unha historia que lembra á recollida por Vicetto e semella conter elementos propios das lendas protagonizadas polas aureanas, a presenza de tres mulleres, de cabalos, o encantamento e, por suposto, a auga do río:

Aureanas eran aquellos tres níveos bloques marmóreos que, como altares de eterna pureza, alzáanse en la pendiente de Correjanos. Fue don Roldán quien acertó a ver las tres doncellas que sobre el remanso solificaban los rayos de sus ojos en pepitas más doradas que los rayos de el sol que cabrillea en las ondas rizadas del río. Requiriolas de amor. Huyeron ellas como palomas que el milano persigue. A nado cruzaron el Sil y las venas azuladas de sus estatuarios cuerpos acrecentaron los deseos del caballero, que clavando los acicates al fiero bruto sobre que cabalgaba, de un salto traspuso el ancho cauce.

—Dadme —dijo á las aterrorizadas vírgenes— los mármoles de vuestros cuerpos, ó muertas seréis.

—Mármoles te demos —respondieron ellas—.

Y la sangre se heló y dejó de circular por las azuladas venas y las tersas carnes; fríos mármoles fueron, que como altares de pureza se yerguen perennes y solitarios en las laderas del monte.

Pouco podemos concluír do exposto. Quizais que as galegas sempre fomos espelidas e emprendedoras, capaces de afrontar grandes traballos, mesmo aqueles que requirían verdadeira fortaleza física, como é o caso do lavado da area do río. En segundo lugar, que, sendo mulleres e traballando soas en lugares afastados, as aureanas recibiron as ocasionais visitas de homes que, cando menos, se afastaban do respecto que a súa ocupación merecía,

considerándoas, no mellor dos casos, como fermosos obxectos dignos de admiración. En terceiro lugar, cómpre ter presente que a literatura decimonónica fixo destas mulleres estereotipos románticos, certamente populares nas nosas letras e abertamente afastados da súa ocupación inicial: a subsistencia.

Finalmente, apuntamos a importancia na mitoloxía da cristianización do culto pagán ás augas. Asociado en toda Europa ás mulleres —leven estas o nome de Aureanas, Xanas, Janas..., pouco importa—, os pozos, as fontes e ríos, obxectos de culto desde a época prehistórica, foron cristianizados e con eles as divindades da auga, entes que recordan, que dúbida cabe, ás nosas decididas aureanas. ■

#### Bibliografía citada:

BECCERRO DE BENGUA, Ricardo: *De Palencia a La Coruña*, Palencia, Alonso y Z. Méndez, Editores, 1833.

CABANILLAS, Ramón (1978): *Obra completa*, Ediciones Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Argentino de Cultura Galega, 1978.

DELIBES, Miguel: «Las oreanas de Pumares» (1986), consultado en <http://www.santostevo.com/aureanas%20del%20sil/index.htm>, última vez 17 de xullo de 2019.

ROCHE Y FREJAS, Mariano: *El viajero y la gallega del Sil: Diálogo en prosa y verso inquiriendo noticias sobre el áureo río*, edición ao coidado de Mariano Álvarez, Madrid, Imprenta y librería de los hijos de Vázquez, 1878.

SUÁREZ DE PUGA, Antonio: «Por la España desconocida», *El Regional* (1905, 12-1).

TEIJEIRO REY, Xoán Xosé: *Seres galegos das augas: Mitoloxía comparada*, A Coruña, Toxosoutos, 2002.

VÁZQUEZ VARELA, José Manuel: «Etnografía de la extracción del oro de los ríos en el noroeste de la Península Ibérica», *Trabajos de prehistoria* 52, núm. 2 (1995), pp. 157-161.

VICETTO, Benito: «El salto de Santiago», *El Herald Gallego* (1874, 17-9). Con lixeiras modificacións o relato fora publicado no *Museo de las Familias*, vol. 11-12, correspondentes ao ano 1853.



## *ám@me: desvelar as trampas do amor para reinventalo*

OLIVEIRA, Chis, e Amada TRABA: *ám@me: desvelar as trampas do amor para reinventalo*, Vigo, Galaxia, 2018

ANA LUÍSA BOUZA SANTIAGO

En *ám@me* propóñenos unha reflexión demorada —350 páxinas— sobre o amor en xeral e o romántico en particular. A linguaxe utilizada é máis didáctica que académica, con moitas referencias á cultura popular. Reflicte a experiencia das autoras no traballo docente con adolescentes, a quen se dedica a maior parte do texto, ben interpe-lándoa directamente ou dirixíndose ás persoas adultas que as acompañan no crecemento: familias e educadoras. Se consideramos a realidade lectora da nosa sociedade, é pouco probable que o público do ensaio sexa adolescente, máis ben parece que pode estar composto deste último grupo de familias e educadoras, así que a apelación directa ás mozas e (menos) aos mozos non deixa de ser un recurso retórico.

As autoras propoñen que hoxe a nosa forma de entender e vivir o amor, non é a adecuada. A súa tese é que a realidade sobre o amor, sobre a súa verdadeira natureza, está velada por unha serie de mitos que nos levan a experimentalo de forma pouco satisfactoria. Que esas mentiras son produto dunha «conspiración» do patriarcado para enganar ás mulleres e facer que se sacrifiquen na busca duns obxectivos que son imposibles de acadar. Téntase na obra desvelar a realidade oculta do amor, enumerando e explicando as mentiras, os mitos e as trampas que se nos poñen

sobre todo ás mulleres. Desde as máis tradicionais ata as que aparecen coas novas tecnoloxías, nomeadamente nas redes sociais. Propoñen como alternativa tácticas que nos permitirían vivir o amor dun xeito diferente: o que elas chaman «reinventar» o amor. Como explican nas presentacións, a base desta estratexia de reinvención resúmese no título da obra: *ám@me* = *ámame* + *ámome*. Recoñecer a necesidade de afecto e facelo dende a autonomía e o respecto.

Alén da parte de manual para docentes que queren mellorar a vida das nenas e as mozas, o que ten xa bastante utilidade de por si, en *ám@me* translocen unha serie de imaxes, explicacións e propostas controvertidas. Ás veces de maneira explícita e outras máis solapadamente, pero, en calquera caso, todas elas interesantes para o debate. Empezando pola cuestión, nada banal, de se os seres humanos temos a capacidade de coñecer a «verdadeira» natureza das cousas ou só podemos achegarnos a ela con definicións continxentes (mitos?) que construímos coa linguaxe, con ferramentas retóricas: metáforas, símiles, analogías... que cambian e se adaptan cando deixan de ser de utilidade. Sería

daquela ilusorio pensar que un mito vixente pode ser substituído por algo diferente a outro mito. Non se trataría tanto de desvelar a «verdade» como de crear un relato alternativo máis útil ao obxectivo da igualdade e que acade a hexemonía cultural.

Cóase ás veces na obra, a imaxe, o mito (por usar a terminoloxía das autoras) do paraíso perdido. Trátase aquí de algo no pasado que nos remite á forma adecuada de vivir o amor. Cando se fala, por exemplo, de que o modelo neoliberal «expulsa» o traballo de coidado (que se fai por amor) do discurso económico hexemónico, parece que ese traballo estivera algunha vez no pasado incluído no discurso económico hexemónico, xa que é expulsado: non se pode expulsar o que non está dentro. Cando se comparan os vínculos líquidos, instrumentais e cambiantes do presente que se manteñen «só se hai satisfacción», cos vínculos do pasado «fortes e permanentes», percíbese unha certa morriña dun momento de amor perfecto, forte e permanente que perdemos. Como contrapunto, aparece unha visión hipercrítica, pesimista do presente e negativa do cambio, ou do camiño que levamos. Pero, ao mesmo tempo, nese pasado é (como tamén se expón en *ám@me*) onde están as definicións, os mitos, os estereotipos que queremos cambiar. Non é acaso a remuneración do traballo de coidado que se facía (gratis) por amor (ou non) unha das pancas do ac-

ceso das mulleres ao mercado laboral e a consecuente autonomía económica? Non é acaso o divorcio e a convicción de que temos dereito a relacións satisfactorias outra panca da autonomía emocional? Non estaban eses vínculos fortes e permanentes baseados moitas veces na dependencia, a submisión e incluso na violencia que rexeitamos? E, dado que non é posible nin desexable volver ao pasado, non sería máis útil observar os avances, coa súa complexidade, e tentar poñelos en valor cambiando de lugar os termos das adversativas con que se definen?

Unha tese habitual no relato feminista é a da confabulación patriarcal. A idea de que esa colección de crenzas, «mitos e mentiras» sobre a realidade da vida e do amor, son consecuencia dun plan interesado. «Estes mitos non son inocentes, son unha trampa, enganos e contos intencionados que nos aprenden formas lesivas de amar» (p. 78). E algunha pregunta queda no ar. Quen nos puxo esa trampa, de quen é o malévolo plan? O patriarcado como sistema ten acaso a capacidade de planear, e confabular? É obxectivo seu a dominación das mulleres? Se a desigualdade está decidida por un malvado ser superior, unha man invisible con capacidade de planear intencionadamente e enganarnos masivamente para que sigamos o seu plan (unha versión laica do tradicional plan divino), vai parecer difícil de tombar. Igual resulta máis doado

explicar os desaxustes dos esquemas de xénero tradicionais, no amor e noutras cousas, como resultado dos avances sociais.

O debate universal sobre os límites da liberdade e a capacidade de elección do ser humano ten aplicación concreta nas controversias feministas actuais. En *ám@me* aparece como o **mito da libre elección**, é dicir, unha mentira, cando trata a cuestión da posibilidade dun porno feminista. Personalizada nas actrices porno que «din estar aí porque queren, pero...» (p. 260). A tese das autoras é que a posición de debilidade das mulleres nas relacións de poder así como a «falta de capacidade crítica respecto da desigualdade, temos moitas mulleres dispostas a gañar a vida nesta industria tan machista na crenza de que o fan libremente, xa que, en efecto, ninguén as obriga» (p. 260). Esa mestura de conceptos aos que o abolicionismo nos ten afeitas aparece tamén en *ám@me*, poñendo no mesmo nivel trata, prostitución, pornografía e explotación infantil. Ese discurso ten na súa base considerar ás mulleres adultas incapaces/vítimas/menores en determinados temas relacionados coa sexualidade, restándolles o dereito a decidir sobre a súa vida.

Finalmente, sen esgotar os debates que pode provocar a lectura de *ám@me*, paréceme especialmente interesante a tese do amor romántico como adición, que no libro non se propón como tal pero que aparece en varias ocasións.

«Acaso o amor é unha droga?» (p. 21). Fálase das bases bioquímicas do enamoramento: «a combinación da química e a psique... en presenza da dimensión cultural» que explicarían a dependencia non tanto dunha persoa ou sentimento, senón da reacción química que produce a súa presenza ou ausencia. Explicaría o desamor como un síndrome de abstinencia e algunhas outras actitudes e reaccións ligadas ao amor romántico. Mágoa que as autoras non desenvolvesen algo máis esta liña explicativa.

Dedicarlle un libro ao amor é signo da grande importancia que se lle dá. En *ám@me* defínese o amor como «a argamasa que lle dá consistencia á vida» (p. 16) ou «a base da nosa identidade e das relacións que nos acompañan a vida toda» (p. 20). Considérase a dimensión relacional a característica fundamental do ser humano e o amor, a principal relación nesa dimensión. De como se viva, experimente, entenda o amor dependerá, en gran parte, como vivamos a nosa vida. É iso, xunto coa óptica feminista *mainstream*, o que enmarca esta obra e a encaixa na colección «Feminismos» da editorial Galaxia. ■



## Libros



### *Feminicidio: Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*

ADÁN Carmen: *Feminicidio: Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*, Vigo, Galaxia, 2018

#### DINA BERGER

É un dos libros da colección «Feminismos» editada por Galaxia. Un limiar, cinco capítulos, un «Sen conclusións, feminicidio por que non?» e a bibliografía enchen as 186 páxinas deste ensaio.

A autora desexa convencer ás persoas lectoras para incorporar este termo que inclúe todo e nada ao mesmo tempo. Feminicidio podería ser substituído por violencia contra as mulleres, violencia de xénero, patriarcado, opresión da muller... talvez por máis que pivote sobre a cuestión da violencia, á que considera pedra angular da «creación» e supervivencia do patriarcado. Tamén había ser útil explicitar en concreto esas violencias contra as mulleres nun tempo, lugar e momento onde, para o feminismo que máis se fai ouvir, todo é violencia e indiferenciada.

A autora non se sae da idea que expresaba Elena Larrauri (2007) en *Criminología crítica y violencia de género*, onde afirmaba:

Tense simplificado excesivamente a comprensión da violencia exercida sobre a muller nas relacións de parella e neste movemento de péndulo, tan propio das ciencias sociais, pasouse de ignorar ou desconsiderar a variable xénero a pretender que esa sexa a explicación de todo o problema social que se está investigando.


O termo patriarcado, se cadra, é o nó problemático do ensaio, malia a autora dar importancia aos conceptos. O patriarcado como unha «creación», como entelequia «que non acouga», como un sistema. Afirmase que non é trans-histórico, que é moldeable e que precisa reconfigurarse para adaptarse ás novas esixencias do guión, do neoliberalismo, sen embargo discorre como un sistema que vén de non se sabe cando e segue servindo a outro sistema? Cal? Aos estados si, porque son patriarcales, di a autora, e iso é o que explica case todo.

Non se explicita un concepto claro de patriarcado ou en qué senso se usa en distintos momentos do libro. Non se fai referencia tampouco aos enormes cambios na situación das mulleres respecto das súas oportunidades, liberdades e conciencia no mundo occidental, que é onde se ubica basicamente o ensaio.

Máis útiles parécenme os capítulos, ou subcapítulos, de epistemoloxía e conceptos de xénero, sexo, *ciborg*, *queer* e monstros onde a autora se manexa mellor. Tamén, en parte, os dedicados ás políticas públicas e a súa experiencia á fronte da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia nos anos 2005-2009.

Sempre merecen saúdos os esforzos por sistematizar e poñer en claro cuestións coas que a loita feminista tropeza no seu diario quefacer, aínda que non se consigan os obxectivos na totalidade do proposto. ■

## Libros



### *Mother Camp: Un estudio de los transformistas femeninos en los Estados Unidos*

NEWTON Esther: *Mother Camp: Un estudio de los transformistas femeninos en los Estados Unidos*, Madrid, ed. María José Belbel Bullejos, 2016, 200 pp.

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Estamos ante un libro pioneiro no estudo etnográfico da cultura dos transformistas femininos, dos homes homosexuais que se gañan a vida transformándose en mulleres. Publicado por primeira vez no ano 1972, desde aquela, *Mother Camp: Un estudio de los transformistas femeninos en los Estados Unidos* foi reeditado de maneira ininterrompida en inglés. Agora, grazas ao traballo de tradución de María José Belbel e Paloma Uría, podemos lelo por vez primeira en castelán.

A autora, antropóloga da Universidade de Chicago, é, na actualidade, catedrática emérita de Antropoloxía e Kemper Distinguished Research Professor na Universidade do Estado de Nova York e profesora de Estudos da Muller e Cultura Estadounidense na Universidade de Michigan. Comezou este traballo a mediados dos sesenta reunindo materiais de campo —fundamentalmente entrevistas a *drag queens* e asistencias a espectáculos— para a redacción da súa tese, defendida en 1968, baixo o título *As Drag Queens: Un estudio de antropoloxía urbana*, base da obra que hoxe comentamos.

Dividido en capítulos ben delimitados en liñas temáticas, o ensaio comeza cun primeiro apartado no que Newton indica que a posición social en EE. UU. ten moito que ver co poder adquisitivo e co americanismo, isto é a adscrición e asimilación dos valores americanos. Como contraste, o estilo de vida dos transformistas desafía abertamente as institucións oficiais e á xente *normal*. Os homosexuais, e os transformistas especialmente, son transgresores da orde moral norteamericana. A partir de aí reflexiona sobre o estigma e a identidade. Para a autora, tanto os transformistas como as mulleres constrúen o xénero feminino de forma *artificial*.

No segundo capítulo realiza un estudo das características da diversidade dentro do mundo homosexual e analiza as comunidades gais en desenvolvemento. Estuda tamén as relacións entre os homes e as mulleres homosexuais e considera que existe unha rede complexa entre todos os grupos sexuais, pero que entre eles dáse unha «tensión latente que en calquera momento pode activarse». As distincións por cuestións de raza ou de clase social son tamén ana-

lizadas nas páxinas do volume. A escena transformista revélasenos bastante máis rica e plural do que en principio puideramos supoñer.


Esther Newton analiza tamén os tipos de locais en que traballan os transformistas, a diferenza entre os que ofrecen espectáculos para gais e aqueles que o fan para heteros. Normalmente, nos segundos, os prezos son máis caros e os clientes acostuman ser turistas ou xente de paso, non clientes habituais. Os artistas prefiren actuar neste tipo de bares porque teñen máis prestixio e gañan máis; ademais, o traballo é máis fácil porque as actuacións afástanse pouco do guiión e non mudan con rapidez, pois o público non se repite. Sorprenden as reflexións e as conclusións sobre a importancia dos espazos. Para os homosexuais o bar é lugar onde reunirse a salvo da hostilidade do mundo hetero; ao mesmo tempo, o seu carácter semipúblico faíno vulnerable, os policías poden entrar e sancionar.

No capítulo quinto, a investigadora céntrase nos modelos de transformista; dedicándolle especial atención ao «camp», termo que se usaba a mediados dos sesenta, para designar o humor homosexual. Os transformistas femininos mellor valorados eran todos «camp», é dicir, cómicos.

Conclúe a autora afirmando que, en xeral, os transformistas non teñen contrato nin seguridade laboral, teñen pouca capacidade de presión colectiva e, curiosamente, en xeral traballan para propietarios de locais que non son homosexuais. O poder teno o encargado como representante do propietario.

Para lograr tan detallado estudo, Esther Newton entrevistou a dez persoas en total: seis en Chicago, tres en Nova York e un en Kansas City, tivo a oportunidade de manter longas conversas con eles en varias ocasións. As cidades grandes facilitan o anonimato, fundamental para os transformistas. As *drag queens* son verdadeiros «heroes» da cultura masculina gai. Son símbolos de homosexualidade, profesionais que representan o estigma do mundo gai. ■

## Libros



### *La mujer singular y la ciudad*

GORNICK Vivian: *La mujer singular y la ciudad*, tr. Raquel Vicedo, Madrid, Sexto Piso, 2018, 148 pp.

#### ANA ARELLANO

Este é o segundo libro de memorias escrito por Vivian Gornick (Bronx-Nova York, 1935). O primeiro, *Apegos feroces*,<sup>1</sup> escrito en 1987, apareceu publicado en español en 2017, con trinta anos de retraso. En ambos, a escritora deixa claro o seu feminismo. Servíndose de episodios da súa vida, analiza as dificultades das mulleres da súa xeración para adquirir autonomía de vida e pensamento.

Vivian Gornick naceu nunha familia de emigrantes xudeus de poucos medios económicos e de ideoloxía socialista. Por empeño da súa nai, continuou os estudos de secundaria e, posteriormente, licenciouse en Artes na Universidade de Nova York.

Xornalista, profesora universitaria, ensaísta e crítica literaria, colaborou con diversos medios; entre outros, co semanario alternativo *The Village Voice*,

<sup>1</sup> Título orixinal: *Fierce Attachments: A Memoir*. En español, *Apegos feroces*, tr. Daniel Ramos Sánchez, Madrid, Sexto Piso, 2017.

desde onde apoiou o feminismo radical de Shulamith Firestone e Anne Koedt.

A «muller singular» é esta nova identidade de muller que aparece na segunda metade do século xx que escolle vivir sen parella. Non é unha muller solitaria, senón celosa da súa independencia. Se en tempos anteriores unha muller que vivía soa estaba mal vista e considerábase un infortunio quedar solteira, é grazas ao feminismo que a independencia adquire un valor positivo para as mulleres.

A cidade é Nova York, e máis exactamente Manhattan, onde a escritora se trasladou a vivir cando comezou a súa carreira literaria. Amante da vida urbana xa desde adolescente, cando collía o metro para ir desde o Bronx ata Manhattan, o que, como ela conta, pese a ser unha curta viaxe equivalía a pasar dunha vila ao *centro do mundo*.

Entre anécdotas e descrições, conta a vida desta grande urbe coas súas rúas, parques e edificios coñecidos por todo o mundo grazas ao cinema. Pero para ela, a cidade está sobre todo nas persoas. Se os edificios e as rúas de Manhattan, salvo os cambios producidos despois do 11 de setembro nalgunhas zonas da cidade, apenas mudaron, na paisaxe humana si que houbo unha grande transformación nos últimos anos. Mentres pasea pola cidade, deten-




se a escoitar o que falan os transeúntes nos parques, nas quendas do supermercado ou da farmacia e, con esas pezas de vida, vai construíndo o crebacabezas da cidade.

Ela é sempre o centro do relato e a voz narradora, porque para Vivian Gornick toda escrita debe estar baseada na propia vida, por iso aproveita os aconteceres da súa vida para transmitirnos os seus pensamentos e reflexións.

Escribe sobre a amizade, as amigas e amigos, que aparecen e desaparecen segundo van mudando as circunstancias e intereses vitais. Leonard é o amigo que permanece desde hai máis de corenta anos e que lle serve de contrapunto, quéreo e gústalle conversar con el máis que calquera outra actividade que poidan facer xuntos, pero tamén reconece que o pesimismo dunha e doutro limita o desexo de verse máis alá dunha vez á semana.

Educada, como moitas mulleres, na procura da «persoa adecuada» para compartir a vida, reflexiona sobre o drama que significa para moitas persoas descubrir os enganos do amor romántico.

A desaparición do sentimento no amor romántico é un drama que moitos de nós coñecemos... Escravos da intensidade xerada pola paixón, investimos ao amor con poderes transformativos, imaxinamos que, baixo a súa influencia, podemos



converternos en persoas novas e incluso plenas... Cando a desexada transformación non se materializa, as esperanzas ligadas ao namoramento disólvense con desesperación...

Para ela «Só os pensamentos da mente ou as intuicións do espírito poden atraer para sempre» é por iso que opina que a forma de conexión máis vital que existe é a conversación.

No mundo dos afectos está tamén a difícil relación coa súa nai, que xa foi contada no anterior libro de memorias. Desde pequena foi unha relación inzada de desencontros e recriminacións mutuas, pero agora por fin hai reconciliación, consegue esquecer os vellos agravios e queixas e acepta a súa nai como é.

Intentei por todos os medios que a miña nai fose feminista, pero esta mañá comprobo que, para ela, nada é máis importante que a loita de clases. Non importa. Ao final, para sentirse estimulado, unha cousa é tan boa como a outra.

Hai tamén abundantes referencias a libros e autores nos que se apoia para dar forma as súas opinións, con especial mención a George Gissing e o seu libro *The Odd Woman*,<sup>2</sup> do que toma o título para estas memorias, *The Odd Woman and the City*.

É de lectura fácil pero nada superficial. A escritura, en primeira persoa, transmítenos cercanía e achéganos de forma moi amena as súas reflexións sobre as relacións humanas e a vida dunha cidade tan interesante e singular como Nova York. ■

<sup>2</sup> *The Odd Woman*, titulado na tradución española *Mujeres sin pareja*, pero *odd woman* pode traducirse tamén como «muller singular».

## Filmes

### *Memorias caladas*

ANDREA OUTEIRAL SANTISO, AIDA RAINDO VÁZQUEZ, YOO JIN SIN, SARA MALVIDO GIL E BLANCA TROCA SILVEIRA

*Memorias caladas* é, no seu núcleo, a parte práctica dunha das nosas materias de primeiro de Comunicación Audiovisual; pero, dende a selección do tema ata que finalmente presentamos a peza ante a clase, o proxecto converteuse en moito máis.

Ante a proposta de realizar un traballo sobre o patrimonio cultural en risco de desaparición, nós tiñamos claro que queríamos mostrarlle á xente, a historia do feminismo galego durante o século pasado, de onde xurdiron numerosos dereitos que, hoxe en día, damos por supostos. Esta semente era tan ampla que non acabou de xerminar ata unha conversa con Encarna, Rosa e María no Museo do Pobo Galego. Elas faláronnos da odisea que supoñía abortar hai poucos anos (legal ou ilegalmente), dispoñer de educación sexual en condicións ou incluso acceder a anti-conceptivos de calidade. Ante o noso propio descoñecemento sobre aquela realidade, soubemos que tiñamos que adentrarnos nesa parte da historia.

Co documental, inicialmente buscábamos crear un medio para que mulleres que viviron de primeira man as dificultades do aborto clandestino puideran compartir as súas historias. Esta intención primeira é probablemente a única espíña que nos quedou cravada ao rematar o traballo, xa que, aínda que por motivos comprensibles, case non demos atopado persoas dispostas a rememorar e contar estas experiencias en público; porén, houbo outras



Yoo Jin Sin

tantas, que provindo de distintos ámbitos da loita pola liberación e coñecemento sexual da muller, desde a sanidade á ensinanza e ao activismo político, compartiron o sentimento e vocación concienciadora da obra.

A peza final desborda coas súas vivencias, reflexións e unha vocación difusora e reivindicativa que, indiscutiblemente, constitúe a alma deste traballo. Son as voces de todas as persoas entrevistadas, as que conforman o relato, as que narran eses sucesos e loitas; algunhas máis coñecidas que outras, pero todas fundamentais, para

Aida Raindo Vázquez




Andrea Outeiral Santiso

construír unha conciencia baseada na equidade e que respecte os dereitos fundamentais de todos os individuos da sociedade.

Realizar este vídeo deunos a posibilidade de escoitar a xente con moito que dicir, historias increíbles, sensibilizarnos ante os retos profesionais e persoais aos que se enfrontaron, pero tamén vernos recoñecidas ante os obstáculos que aínda temos que afrontar. Todo isto da man da oportunidade de coñecernos máis entre nós e poder

Sara Malvido Gil



Blanca Troca Silveira

aproveitar ao máximo as calidades de cada unha.

Con este traballo, esperamos abrir ollos e mentes, homenaxear a quen tenazmente nadou contracorrente en tempos difíciles e, sen esquecer, visibilizar todas esas memorias que aínda permanecen caladas.

Con moito cariño, esperamos que o gocedes.

Aquí tedes a ligazón:

<https://revistandaina.wordpress.com/2019/09/12/memorias-caladas/>

## Pequena historia da loita polo dereito ao aborto: Un valioso documental, *Memorias caladas*

N. S.

É ben interesante o traballo desenvolvido por estas cinco rapazas, Yoo Jin Sin, Sara Malvido Gil, Andrea Outeiral Santiso, Aida Raindo Vázquez e Blanca Troca Silveira, estudantes de primeiro de Comunicación Audiovisual, que explican, no bonito e útil texto anterior, a xénese e proceso da peza.

Para que chegue a ser de interese a conquista do dereito ao aborto non é imprescindible estar en idade reprodutiva, ter relacións hetero, ser activas sexualmente e mesmo algo promiscuas. Todo iso pode contar e dar unha sensibilidade particular, porén pode interesar a cuestión porque atinxe aos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

Pode interesar porque a pequena historia da conquista do dereito ao aborto no Estado español é sorprendente para as rapazas nadas arredor do ano 2000 que xa teñen ao seu dispor a píldora do día despois, a posibilidade de interromper un embarazo non desexado sen outras angurias que a propia situación e porque teñen máis información anticonceptiva que as súas maiores.

Se non se fala desa historia non teñen porque coñecela, sabela e preguntarse pola mesma. Parece que iso de *O meu corpo, a miña decisión* ou *Nós parimos, nos decidimos* é tan elemental que non puido carrexar tanta lea e tantos sufrimentos.

Acontece con isto como coa historia de España e do mundo dos séculos XX e XXI. Apenas se sabe, apenas se estuda. Parece preferible que as aulas

e os textos se enchan de pasados remotos.

Esta conquista, a do dereito ao aborto, é inestable. Non queda lonxe o intento do ministro Gallardón e o seu partido, o PP, de revirar a lei de Prazos que desatou mobilizacións importantes saldándose coa dimisión do ministro en setembro de 2014 e o anuncio do presidente do goberno, Mariano Rajoy, de que «o Goberno renuncia nesta lexislatura a aprobar a reforma da lei do aborto». Escoitamos a Pablo Casado afiar navallas a respecto da cuestión. A Casado e a varios dos seus correligionarios, negando mesmo que o aborto sexa un dereito das mulleres. É inestable e convén ser conscientes disto.

O traballo documental que realizaron as mozas fai un repaso audiovisual por testemuñas de valor nos centros de orientación familiar, con psicólogas e xinecólogos valentes que fixeron ben o seu traballo, as feministas, coa súa loita, que abriron portas cando a reivindicación do aborto deixaba moi expostas ás persoas que daban a cara.


É valioso e moi agradable ver este vídeo que nos fai saber que a loita colectiva serve, é necesaria. Que non temos dereitos hoxe porque a uns gobernantes lles acordou aprobar leis que así o garantiran.

As leis que fixan dereitos son importantes e é por iso que se precisa das loitas e das organizacións que os pelexan, que os defenden, que os conquistan para o conxunto social e das persoas que abren camiños.

É valioso e moi de agradecer a decisión que estas cinco rapazas tomaron á hora de facer o seu labor académico e os esforzos e traballo que tiveron que realizar para non conformarse con catro pinceladas e dúas entrevistas.

Pasa o seu vídeo a formar parte dese tesouro que é a memoria. *Memorias caladas*, din. Agora, grazas a elas, memorias recobradas, dispoñibles, vivas. ■





## Elisa e Marcela segundo Isabel Coixet: Unha lectura feminista

En que dimensións podemos dicir que a película de Isabel Coixet sobre as dúas mestras galegas, Elisa Sánchez Loriga e Marcela Gracia Ibeas, ten un enfoque feminista? En primeiro lugar está protagonizada por dúas mulleres; isto é obvio, mais aínda hoxe pouco usual. En segundo lugar revela o sometemento das mulleres na familia e os receos suscitados tanto polo interese dunha rapaza no desenvolvemento intelectual, como, en maior medida, pola amizade íntima ou namoro doutra muller. En terceiro lugar, no centro do filme, está a reivindicación do amor homosexual, especificamente do amor entre mulleres, e a forma na que esa relación cuestiona estes básicos do patriarcado, como o papel das mulleres, especialmente na reprodución.

En canto ao sometemento das mulleres na familia, escoitei críticas ao tratamento do personaxe do pai de Marcela, cruel e carente de empatía coa filla. Cómpre lembrar que é unha obra de ficción, mais ben documentada sobre o contexto histórico a finais do século XIX e comezos do XX. Aínda sendo imposible coñecermos as conversas na familia de Marcela, si sabemos que tentaron afastala de Elisa, enviándoa continuar os estudos de mestra a Madrid. É un dato histórico que as mulleres a finais do século XIX non tiñan acceso nin aos estudos universitarios nin aos secundarios (sendo isto menos coñecido); as escolas de maxisterio non formaron

### MARILAR ALEIXANDRE

O filme *Elisa y Marcela* de Isabel Coixet deixa poucas persoas indiferentes. Por unha banda dise que é «demasiado feminista». Eu non considero que haxa libros, películas ou accións que sexan feministas en exceso, nin sei como se pode ser feminista de máis, do mesmo modo que non é posible ser democrática de máis; entendo que esta posición é compartida polas lectoras de *Andaina*. Interpreto o significado dese xuízo como unha forma de dicir que a perspectiva feminista resulta explícita no filme. Porén, revela en que medida a ideoloxía patriarcal permea a sociedade, de modo que todo o que non se corresponda coa visión tradicional na que os varóns son protagonistas e as mulleres personaxes secundarias, na que os pais son benéficos e procuran o mellor para unha filla, resulta anómalo.



parte da universidade até un século despois, en 1985. Podían asistir unicamente con autorización do director da facultade ou do instituto en cuestión; as propostas de Emilia Pardo Bazán ao Congreso Pedagóxico en 1892 de dar libre acceso ás mulleres tanto a todos os niveis do ensino oficial, como a todas as profesións foron derrotadas nas votacións. Eran propostas que Emilia fundamentaba na idea de que as mulleres tiñan un destino propio, non subordinado á familia, unha noción demasiado radical para o seu tempo. É o mesmo decreto o que en 1910 permite o libre acceso das mulleres á universidade e ao ensino secundario. Por tanto é verosímil tanto o desacougo do pai de Marcela ante unha filla á que gustan máis os libros que as tarefas domésticas, como o apoio da nai, animándoa en segredo. A profesión de mestra, tan próxima simbolicamente ao coidado das criaturas na familia, era das poucas socialmente aceptábeis para as mulleres.

O amor entre mulleres, o matrimonio que de forma tan audaz chegaron a celebrar Elisa e Marcela en 1901, é o tema central do filme, e a razón pola que as mestras acadaron un perfil público. Considero que, se as relacións homosexuais cuestionan o patriarcado e a súa rixida atribución de roles a mulleres e varóns, este desafío e aínda maior no caso do amor entre mulleres, ao supoñer un rexeitamento do seu papel como nais e gardiás dos valores fa-

miliares. Tamén neste aspecto as críticas, por exemplo na prensa —a de *El País* levaba por título «La mirada errónea»—, sobre a representación deste amor no filme son moi duras, considerando inverosímil que Elisa e Marcela se amen e fagan o amor de forma tan libre —ao agacho, por descontado—, con tanto erotismo e sen manifestar dúbidas ou conflitos. Parece esquecer o autor que o amor homosexual existiu sempre, se ben prohibido e duramente reprimido, que o amor lésbico xa foi cantado por Safo no século VI antes da nosa era. A min, ao contrario, gustoume esa representación lúdica, beireando o surrealismo como na secuencia do amor entre os grandes argazos, nunha homenaxe a Maruxa Mallo. Por que, preguntome, pode filmarse de forma onírica ou surrealista unha escena de amor entre unha muller e un home e non entre dúas mulleres? É a idea subxacente que o amor homosexual sempre debe asociarse ao sufrimento?

Un aspecto da película sobre o que tamén hai certa controversia é o modo en que representa Galicia. A demanda dunha versión en galego non tivo, de momento, resposta positiva por parte de Netflix, e isto prívanos de dispoñer na nosa lingua dunha historia sobre mulleres galegas, rodada en Galicia e que conta con actrices e actores galegos. É mágoa e o que podemos aprender para o futuro é que as reivindicacións de filmes en galego deberán

levarse a cabo con máis contundencia. Mais en canto á imaxe da Galicia do cambio de século, e en particular a vida das mestras, creo que son fielmente representadas. As mestras que poñían escola no rural en Galicia —e noutros lugares— eran heroínas. A comezos do século XX e até os anos sesenta, coñezo, por testemuñas directas, as condicións nas que traballaban e vivían: ademais de dar aulas debían encargarse de limpar a escola e isto sen auga corrente. Cando a escola e a casa estaban en lugares afastados era frecuente que os mozos petasen na porta de noite, apedrasen as fiestras ou berrasen ameazas de carácter sexual. O acoso a Marcela e Elisa debeu de ser terríbel. E a afouteza destas dúas mulleres, a súa imaxinación inventando e levando á práctica un plan para viviren xuntas é un exemplo a seguir, unha lembranza dos obstáculos que debeu superar a liberdade sexual. O que non debemos esquecer nestes tempos nos que algúns queren volver a erguelos, dar marcha atrás aos reloxos. ■

# BASES DO IV FESTIVAL DE CINE FEITO POR MULLERES - MUFEST 2020

## 1. OBXECTIVO

Constitúe o obxecto das presentes bases regulamentar a celebración do IV Festival de Cine feito por Mulleres, MUFEST 2020 como instrumento para promocionar e visibilizar os filmes dirixidos, escritos e/ou producidos por mulleres.

O MUFEST, organizado pola Asociación Andaina de Mulleres, promove o crecemento cultural e artístico e o impulso das futuras directoras, produtoras e/ou guionistas. Pretende ofrecer unha plataforma na que se dea a coñecer ao gran público o traballo que realizan as mulleres no sector cinematográfico, o cal queda oculto nos grandes circuítos e plataformas, á vez que crear un espazo para o debate a respecto da situación deste sector desde unha perspectiva de xénero.

## 2. CARACTERÍSTICAS E REQUISITOS DAS OBRAS AUDIOVISUAIS

a) **Características:** Esta edición está aberta a calquera directora, guionista ou produtora que presente a súa obra orixinal en galego, en castelán ou subtitulada nunha destas linguas.

As obras realizadas integramente en galego serán as que poderán optar á **Mención Especial de Mellor Filme en Galego**, non así as que estean dobradas ou subtituladas.

b) **Requisitos:**

As obras deben presentarse a través da plataforma <https://filmfreeway.com/MUFEST> ou enviando unha ligazón segura ao correo [info@mufest.org](mailto:info@mufest.org) indicando título, país de produción, ano de produción, duración do filme e unha sinopse.

1. Non hai límite de obras por autora.
2. As obras deberán ter sido producidas a partir do 1 de xaneiro do 2015.
3. Non se aceptarán obras de carácter publicitario.

4. A duración máxima das obras será de 30 minutos para as curtametraxes e sen límite de duración para as longametraxes.
5. O tema será libre.
6. Conformarán o palmarés que opta aos premios aquelas obras seleccionadas polo Comité de Selección designado pola dirección do MUFEST.
7. Rexeitaranse todas aquelas obras que non cumpran as calidades técnicas mínimas para a súa posterior proxección, así como aquelas que non teñan debidamente cumprimentados todos os requisitos expresados nestas bases.
8. Queda excluída da participación toda persoa da organización do MUFEST.
9. A dirección do MUFEST resérvase o dereito de difundir fóra de concurso obras que considere de alto nivel e que non fosen premiadas.

## 3. TRAMITACIÓN

a) Inscripción e envío de copias: o prazo de presentación das obras será desde o **día 24 de outubro de 2019 ata o 10 de xaneiro do 2020**.

b) En caso de ser a súa obra seleccionada deberán enviarse **dúas copias en BluRay**, nunha funda claramente identificada co título do filme, os datos da autora, facendo constar ademais os seguintes datos:

Título, duración e ano de produción da obra.

Currículo da directora, produtora e/ou guionista (máximo 5 liñas).

Breve sinopse.

Currículo da obra (participación en festivais, premios, exhibicións...).

Ao seguinte enderezo:

ANDAINA MULLERES Apartado 1058  
15706 Santiago de Compostela A Coruña - Galicia

c) Os gastos do envío da copia debe asumilos a participante e o MUFEST non se responsabilizará dos posibles danos ou perdas durante o transporte da obra.

d) As obras e o material enviado non se devolverán e pasarán a formar parte da Filmoteca do MUFEST e da Asociación Andaina de Mulleres que poderá exhibilas naquelas actividades que considere adecuadas e sen ánimo de lucro.

## 4. XURADO

a) A dirección do MUFEST nomeará un comité de selección. O mencionado comité valorará todos os aspectos relacionados cos traballos: idea, guión, realización, interpretación, estilo, montaxe e fotografía.



b) Entre 10 e 12 serán as obras finalistas contemplando sempre a variedade de ficción e documental. Habrá tres premios a outorgar entre as obras seleccionadas e dúas mencións especiais.

c) A dirección do MUFEST propoñerá o número de persoas que considere necesario como xurado, mulleres relacionadas co sector do cine, audiovisual, calquera outro ámbito artístico e o feminismo, profesionalmente cualificadas.

d) O fallo do xurado será inapelable.

e) O xurado xunto coa dirección do MUFEST resérvase o dereito de deixar deserto calquera premio, atendendo á calidade, tanto artística como técnica das obras.

f) A dirección do MUFEST resérvase o dereito a crear un accésit por considerar necesario o recoñecemento dalgunha das obras.

## 5. DEREITOS DE EXHIBICIÓN

a) O MUFEST poderá facer uso de fotografías, imaxes ou son das obras recibidas para publicitar o MUFEST en prensa, radio e TV.

b) As participantes autorizan que, no caso de resultar finalistas, o seu nome e apelidos aparezan publicados na páxinas web e nas redes sociais do MUFEST e de Andaina de Mulleres, nos medios de comunicación que se consideren necesarios para a difusión e promoción do MUFEST.

c) Todas as participantes aceptarán as bases, así como a resolución dada pola organización aos imprevistos que puidesen xurdir.

## 6. PREMIOS

Os premios da presente edición do MUFEST outorgaranse atendendo á calidade técnica e artística das obras.

Establécense os seguintes premios:

- Mellor Filme de Ficción (750 euros)
- Mellor Documental (750 euros)
- Mellor Curtametraxe (300 euros)
- Mención Especial ao Mellor Filme Orixinal en Galego
- Mención Especial Premio do Público

As autoras premiadas deberán estar presentes para recoller os premios. No seu defecto, poderán enviar unha persoa representante, debidamente acreditada, relacionada ou vinculada á obra premiada.

A dirección do MUFEST resérvase o dereito de resolver os imprevistos que puidesen xurdir como considere oportuno.

Toda a información actualizada en:

Web: [www.mufest.org](http://www.mufest.org)

Twitter: <https://twitter.com/IvMufest>

Facebook: <https://www.facebook.com/groups/163194345676/>

Instagram: [https://www.instagram.com/\\_mufest/](https://www.instagram.com/_mufest/)



# anda!na

revista galega de pensamento feminista

## PUNTOS DE VENDA

### A Coruña

**Librería Couceiro**

Praza do Libro, 12

**Librería Xiada**

Avd. de Fisterra, 76-78

**Librería Lume**

Rúa Fernando Macias

### Pontevedra

**Librería Michelena**

Rúa Michelena, 22

**Librería Paz.** Peregrina, 29

### Santiago

**Librería Couceiro**

Praza de Cervantes, 6

**Librería Pedreira**

Rúa do Home Santo, 55

**Lila de Lilith.** Rúa Travesa, 7

**Ártico.** Rúa do Vilar, 49

### Lugo

**Librería Trama**

Avd. da Coruña, 21

(galerías)

Tras tres edicións no 2009, 2011 e 2012, *Andaina: Revista Galega de Pensamento Feminista* organiza o IV MUFEST (Festival de Cine Feito por Mulleres). Pretendemos visibilizar, difundir e promocionar filmes realizados por mulleres.

O MUFEST será un espazo de encontro, diálogo e reflexión sobre o papel das mulleres nesta industria cinematográfica, tendendo pontes con outros festivais de cine de mulleres e procurando posicionarse coma un festival de referencia en Galicia e en España.

**Xa está aquí o IV MUFEST!**



# IV MUFEST

Festival de Cine Feito Por Mulleres

Do 10 ao 14 de Marzo

Santiago de Compostela